TERRA de OUTES

Editorial

O tempo pasa e con el xa chegamos ao número 50 (ou 50+1), da nosa/vosa, cada vez máis coñecida e aceptada polos seus lectores, revista Terra de Outes. Ao longo de todos eses números, intentamos reflectir, con máis ou menos acerto, partes da vida actual e pasada da nosa xente, da paisaxe urbana e rural tan cambiante nos últimos anos.

En novembro do 2007 saía á luz o primeiro número de Terra de Outes, marcando así un reto para todos os que formamos parte dela como unha forma de expresión que lle facía falta á asociación cívico-cultural homónima, que é onde empezou a xestarse a idea de sacar un útil de expresión acorde a todo o que envolvía no eixo cultural e social a nosa bisbarra. Dabamos así saída a todo ese caudal de ideas e gana de facer a prol da cultura. Pois foi o principio da revista. O principal obxectivo que tiñamos cando embarcamos neste proxecto non pasaba do mero feito de entreter o lector, informar do latexo cultural que se sentía na rúa, na súa xente, e, como non, tamén sempre de todo un pouco no referente ao noso concello e as súas circunstancias, que se desenvolven ao seu arredor, dende o respecto e as boas formas... Non queda outra.

A edición da mesma pasou por varias etapas, e fomos sacando algún que outro número especial. Recordamos a saída do número 21, no que relatamos varios actos relevantes, como serían: os encontros de embarcacións tradicionais no Freixo que levamos a cabo dende a asociación; todo o relacionado co Ano de Añón, dando detalle de todos os acontecementos relacionados co bicentenario do poeta; tamén temos en mente a portada de Rodrigo Romaní no número 31, pois fixeramos unha homenaxe especial aos dez anos da asociación Terra de Outes.

Dándolle un repaso ás portadas da revista, imos vendo, xa só con ollar o exterior ao longo dos primeiros 39 números, como fixemos unha primeira renovación visual da portada pasando ao número 40 (coincidindo con outra tirada conmemorativa polos primeiros dez anos) xa cun formato máis consistente en todos os aspectos: papel, calidade, color e mais contido de páxinas, dando unha primeira impresión moi favorable.

Esperamos seguir na mesma liña crítica construtiva, crendo que se poden conseguir cousas beneficiosas para Outes, e por suposto queremos agradecerlles aos nosos colaboradores que entrega tras entrega seguen esforzándose para ter os artigos en tempo e forma, cada tres meses, para podermos así compartir esas páxinas cos nosos lectores, sempre tan agradecidos, pois así nolo amosan en máis dunha ocasión.

Sen máis, agradecidos sempre dende o consello de redacción da revista Terra de Outes. Apertas.

Dicionario xeográfico Xoán Mariño

Boston. Bosta enorme, do tamaño dunha cidade americana.
Escandinabia. Península do norte da Europa de onde son os escandinabos, nórdicos cun nabo de escándalo.
Galapagar. Municipio madrileño que é o hábitat preferido dos galápagos, grandes tartarugas con coleta.
Lantarou. Terceira persoa do pretérito perfecto de indicativo do verbo 'lantarar', cruza-lo mítico río Lantaro.
Lira. Parroquia de Carnota de onde son os líricos, xente dada á poesía e a música.
Madeira. Illa portuguesa de onde procede Pinocho.
Maryland. Estado norteamericano que leva o nome da súa fundadora, unha tal Mary.
Obre. Parroquia noiesa de onde veñen os obreiros traballar nas fábricas.
Ohio. Estado do medio oeste americano fundado por emigrantes do Hío, parroquia de Cangas do Morrazo, famosa polo seu fermoso cruceiro do mestre Cerviño.
Wuhan. Pronúnciase Buján. É como chaman en chinés mandarín a Corres, Severino da Areosa e o xenro de Juan da Castela.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht
Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco
Edita: A.C.C. Terra de Outes
Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.
E-mail: terradeoutes@gmail.com
Páxina web: www.terradeoutes.com
Portada: ALFONSO COSTA

Revista subvencionada por:

Deputación DA CORUÑA

Concello de Outes

TERRA DE OUTES
REVISTA TRIMESTRAL
50
Abril - Xuño 2020
2 €

Asemblea Anual

No sábado 18 de xaneiro a nosa asociación realizou no seu novo local social do Cruceiro de Roo a súa XV asemblea anual. Nela, ademais de ser aprobado o exercicio económico de 2019, fíxose o balance da actividade do mesmo período e adiantouse o programa de actos do presente ano, en que se priorizará a continuidade desta revista que co presente exemplar acada o seu número 50. Tamén se dedicará boa parte dos nosos esforzos á actividade marítima, que vai aumentar considerabelmente, grazas ó incremento do noso patrimonio mariñeiro, que permitirá ofrecer máis prazas nos cursos de navegación de vela que organizamos cada ano, así como atender máis eficazmente a colaboración cos centros escolares de toda a ría. Logo da comida a base de empanadas e polbo á feira, preparado polo socio Xesús Mato, durante a sobremesa, Xoán Mariño, membro do consello de redacción da revista, presentou o nº 49 desta publicación, que non falta á cita co seu público lector dende hai máis de doce anos.

Bicentenario de Concepción Arenal

Para conmemorar o **Día Internacional da Muller**, o pasado 7 de marzo, a nosa asociación organizou na Casa da Cultura da Serra un café-coloquio, no que participaron máis de vinte persoas, coa que fora directora do colexio da Serra e despois do IES Poeta Añón, Pilar Sampedro. Versou o encontro sobre Concepción Arenal, unha das personalidades fundamentais na formación do pensamento feminista, non só galego, senón universal, polo seu importantísimo labor intelectual e tamén práctico no camiño da igualdade de homes e mulleres, así como tamén dos máis desfavorecidos, motivo polo que o recoñecemento público que ata agora tivo a súa figura é tremendamente escaso.

Próximos actos

Con ocasión da celebración das Letra Galegas, o próximo sábado 16 de maio ás 12 do mediodía, na cafetería do Centro Social da Serra, en formato Vermú-Literario, a nosa Asociación vai presentar o libro As Irmandiñas, da escritora Aurora Marco. No acto intervirá a propia autora, que quere lembrar con esta obra ás mulleres da época das Irmandades da Fala e da Xeración Nós, que no presente ano cumpre o seu centenario.

A xurisdición de Muros (XIV)

Xoán Fco. García Suárez

Foto 1. Igrexa de Santa Leocadia

Interrogatorio de San Lourenzo: (Freguesías de San Lourenzo de Matasueiro, San Miguel de Valadares, Santa Leocadia de Intines, San Christobal de Corzón, Santa Cruz de Campolongo e San Xián de Tarás) (preguntas 20 a 40)

21ª.- **Á vixésimo primeira,** que a freguesía de **San Lourenzo de Matasueiro** componse de cincuenta veciños toda ela. A de **San Miguel de Valadares** de setenta e dous; a de **Santa Leocadia de Intines** de catorce veciños; a de **Santa Cruz de Campolongo** de vinte e oito veciños; a de **San Christobal de Corzón** de setenta e cinco e a de **San Xián de Tarás** de corenta e sete. Sobre o que se remiten máis ben á lista que está dada de ditos veciños, sen que ningún deles teña facendas nin casais, e responden.

22ª.- **Á vixésimo segunda**, que en ditas freguesías hai tantas casas como número de veciños, e ningunha inhabitable, nin arruinada, cuxas cargas particulares que teñan constarán nas relacións, e responden.

23ª.- **Á vixésimo terceira,** que as expresadas freguesías non posúen propio ningún, senón os montes comúns seguintes: a de **Matasueiro** ten un monte chamado Campolongo, Jurra e Carboal, cabida mil douscentos ferrados; demarca polo Levante con San Thorente de Intines, Poñente San Miguel de Valadares, Norte Santa Eulalia de Chacín e Mediodía San Pedro de Outes. A de **San Miguel de Valadares** ten un monte chamado de Cerdeiras, cabida dous mil ferrados; demarca polo Levante con San Lourenzo de Matasueiro, Poñente con Santa Maria de Coiro, Norte con Santa Eulalia de Chacín e Mediodía con San Pedro de Outes. **A de Santa Leocadia de Intines** ten outro chamado Castros, Pedriña e Jial, cabida cen ferrados; demarca polo Levante con Santa Cruz de Campolongo, Poñente con Santa Cruz de Campolongo, Norte con Santa Eulalia de Chacín e Mediodía con San Lourenzo de Matasueiro. A de **Santa Cruz de Campolongo** ten outro chamado Campolongo e Gandra Longa, cabida tres mil ferrados; demarca polo Levante con San Pedro de Xallas, Poñente Santa Eulalia de Chacín, Norte Santo Thomé de Alvite e Mediodía con San Thorente de Intines. **A de San Christoval de Corzón** ten un monte chamado Picoto e Pedras Miúdas, cabida tres mil ferrados; demarca polo Levante con San Xoán de Mazaricos, Poñente San Martín de Olveira, Norte San Thomé de Vaos e Mediodía San Xian de Beva. A de **San Xián de Tarás** ten outro monte chamado Pelado ou Santa Lucía, cabida cento cincuenta ferrados; demarca ao Levante con San Tirso de Cando, Poñente co mar, Norte con Santa María de Intines, e Mediodía co Rio Tamar. Todos os cales ditos montes son inútiles e infrutíferos de natureza, de única calidade, que non teñen produción nin utilidade ningunha por ser baixos, áridos e pedregosos, e responden.

24ª.- **Á vixésimo cuarta,** que o común de ditas freguesías non goza de arbitrio, sisa nin outra cousa máis do que contén dos montes declarados na antecedente, e responden.

25ª.- **Á vixésimo quinta,** que tampouco satisfai salarios de xustiza nin outra cousa do que expresa, e responden.

26ª.- **Á vixésimo sexta,** que non ten cargos de xustiza, censos dos que responda nin outros ningúns e responden.

27ª.-**Á vixésimo sétima,** que a freguesía de **Matasueiro** paga anualmente á S.M., que Deus Garde, por razón de servizo ordinario cento vinte reais e po-

los demais ramos cincocentos setenta. A de **San Miguel de Valadares** paga de servizo ordinario cento sesenta reais, e polos demais ramos oitocentos corenta. A de **Santa Leocadia de Intines** paga de sevizo ordinario trinta reais e dezasete polos demais ramos. A de **Santa Cruz de Campolongo** corenta e seis reais de servizo ordinario, e polos demais ramos catrocentos. A de **San Christoval de Corzón** cento setenta polo servizo ordinario e oitocentos cincuenta polos demais ramos. A de **San Xián de Tarás** paga de servizo ordinario cen reais e polos demais ramos cincocentos corenta. Unhas e outras freguesías anualmente, en razón de todo o cal se remiten ás testemuñas que deron, de cuxas contribucións e outros compartos de utensilios, e máis que anualmente se ofrecen, agardan o alivio da Real Piedade e responden.

28ª.- **Á vixésimo oitava**, non saben que nas ditas freguesías teña a S.M. alleado ningunha parte da súa Real Facenda nin outro emprego, e só hai o que levan deposto na pregunta segunda, e en cada freguesía un mordomo pedáneo que elixen os veciños anualmente, sen que para un e outro lles conste o título que haxa, e responden.

29ª.- **Á vixésimo novena,** que do que contén só hai na freguesía de **Matasueiro** unha taberna chamada A Dolda, que arrendan os seus veciños en virtude do encabezado, e actualmente corre a cargo de Joseph Martelo *O Vello*, veciño da mesma freguesía que a ten na cantidade de cento trinta e dous reais de vellón ao ano, que serven para axuda de pagar os veciños os dereitos reais, e de satisfeitos considéranlle de utilidade ao ano sesenta reais; e a Francisco Blanco, o seu taberneiro, trinta. Na de **Valadares** atópase outra taberna chamada comunmente de Valadares que a ten en arrendo Domingo de Sande Perillán; vende o viño por si e está arrendada en douscentos sesenta e dous reais e medio, e de satisfeitos, regúlanlle de utilidade como mercader cen reais e como taberneiro sesenta. Na de **Santa Cruz de Campolongo** hai tamén outra taberna chamada Forca dos Lobos, que corre a cargo de Juan Antonio Romero, veciño da freguesía de San Fins de Eirón, que a ten arrendada en cento vinte reais, e de satisfeitos regúlanlle de utilidade cincuenta, e a Victoria Blanco, a súa taberneira, vinte e catro. Na de **San Xián de Tarás** hai así mesmo outra taberna chamada Vaixeira que corre a cargo de Jacob Fernández, veciño de dita freguesía, que a ten arrendada en trescentos setenta e oito reais ao ano, e de satisfeitos considéranlle de utilidade como mercader cento cincuenta reais e como taberneiro por vender viño por si, cen reais. E as casas de todas estas tabernas son de particulares e non do común que as arrendan os seus donos cuxo aluguer vai regulado como as demais. E na freguesía de **San Christovo de Corzón** hai unha ponte chamada Olveira, sobre o río deste nome; ten tres ollos pero ningún portádego nin contribución de cousa ningunha por transitar por ela, e responden.

30ª.- **Á trixésima**, que en ningunha de ditas freguesías hai hospital ningún, e responden.

31ª.- **Á trixésimo primeira,** que tampouco hai cambista nin mercader do que contén, e responden.

32ª, 33ª, 34ª, 35ª.- **Á trixésimo segunda ata a trixésimo quinta inclusive**, que en orde ao que cada unha contén remítense á lista xurada de oficios, artes, facultades e máis ocupacións servís e mecánicas que entregaron, e que considerándose aos labregos como xornaleiros, regúlanlle a cada un por día dous reais de vellón, entendendo isto sen darlles de xantar, e responden.

36ª.- **Á trixésimo sexta,** que en ningunha das expresadas freguesías consideran pobre ningún de solemnidade, e responden.

37ª.- **Á trixésimo sétima,** que tampouco en ditas freguesías hai individuos que teñan embarcacións, e responden.

38ª.-**Á trixésimo oitava**, que na freguesía de San Lourenzo de Matasueiro atópanse por eclesiásticos veciños a Don Henrique Alphonso del Campillo, cura da mesma freguesía; D. Domingo de Montemaior e D. Lourenzo de Lourido, ambos Presbíteros. Na de San Miguel de Valadares hai: D. Ramón Antonio Vázquez de Leis, cura, D. Domingo Martínez, Presbítero e D. Juan de Neira, crego de menores ordes. Na de Santa Leocadia de Intines atópanse D. Domingo Rodrigo e D. Antonio García, Presbíteros. Na de San Christoval de Corzón D. Pedro Bermúdez de Lobera, cura, e D. Blas de la Iglesia, Presbítero; e na de San Xián de Tarás tamén D. Blas de la Iglesia, Presbítero, e responden.

39ª.- **Á trixésimo novena,** que en ningunha de ditas freguesías hai conventos, prioratos nin outra cousa do que contén, e responden.

40ª.- **Á cuadraxésima,** que non saben de que a S.M., Deus Garde, teña no termo das ditas seis freguesías leira ou renda que non corresponda ás Xerais nin ás Provinciais, a excepción das devesas e plantíos reais que deron por lista na que se afirman, e responden. Todo o cal é o que poden e deben declarar baixo o xuramento que prestaron en autos en que se ratifican, e a maior abondamento fan de novo, como igualmente uns e outros, Peritos, Xuíz, practicado o seu oficio con toda cultura e realidade, sen fraude á Real Facenda nin prexuízo aos naturais; todo isto segundo o seu alcanzar, saber e entender e léndolles integralmente todas as súas declaracións dixeron que non teñen que quitar nin engadir. Cuxa declaración, viron leron e entenderon, asinaron os que souberon co Sr. Subdelegado, menos os ditos curas, e polos que non o fai ao seu rogo unha testemuña, e de todo o cal eu, escribán, dou fe. D. Cecilio Morphi, D. Francisco Alexandro de Silva, Joseph Luazes Figueroa, Juan de Mayo, Juan de Ces, Ángel Piñeiro, Genuario de Nodal, Tiburcio García de Hermida, Francisco Fernández. Ao rogo dos mordomos e peritos da terra: Francisco Fernández de Castro. Ante min, Domingo Romero y Caamaño.

Foto 2. S. Xián de Tarás

A carpintaría da Ribeira
A saga "Ríos"

Mingucho Campos

DE FRANCISCO RÍOS CERZÓN A FRANCISCO RÍOS CAAMAÑO

Os aproximadamente quince quilómetros de beiramar, marismas e bocarribeiras do concello de Outes estiveron no pasado inzados de pendellos, alboios, carpintarías e mesmo de instalacións ao ar adicados á construción de embarcacións que empregaban a centos de traballadores sempre rexidos por **Mestres Carpinteiros.** Na carpintaría de ribeira Outes decotío ocupou un lugar sobranceiro na Ría de Muros e Noia. No noso concello construíronse goletas, sancosmeiros, bucetas, balandros e outros tipos de embarcacións. Se temos en conta que o embarcadoiro da Barquiña (parroquia de S. Cosme de Outeiro) foi construído no ano 1168, é de supor que a construción de embarcacións na ría, e en concreto en Outes, pode perfectamente remontarse ao século XII e ata mesmo a séculos anteriores.

O embarcadoiro da Barquiña era o máis próximo ao burgo de Noia e utilizábase para o transporte de pasaxeiros e mercadorías varias que tiveron ao longo do tempo como destino o embarcadoiro da Barquiña e, cando o aconsellaban as condicións do mar, o do Río do Porto no veciño concello de Noia. O apoxeo medieval de Noia foi determinante no auxe da carpintaría de ribeira debido á demanda de embarcacións e á construción de novos embarcadoiros e peiraos. Outes dispoñía das materias primas indispensables para a construción de barcos xusto a carón da beiramar, marismas e das bocarribeiras: madeira de carballo e de piñeiro. As parroquias de Outeiro e Sabardes van se-las de maior actividade na construción de embarcacións e na formación de mestres carpinteiros da ribeira, verdadeiros especialistas na construción e arranxo de embarcacións. Se se ten en conta que a Ponte Nafonso, que posibilitaba a comunicación entre as dúas marxes do río Tambre e entre os concellos de Outes e Noia, foi construída no século XIV en substitución dun antigo viaduto de madeira que mandara construír no

Foto 1. Francisco Ríos Caamaño

século IX o rei Alfonso II, "o Casto", débese admitir que este feito vén corroborar que o medio de trasfega máis habitual era o marítimo. Tampouco se pode esquece-lo movemento dos peregrinos de Compostela a Fisterra, nin a expansión comercial por mar das distintas localidades da ría durante a Idade Moderna que veñen xustificar o auxe da carpintaría da ribeira e a proliferación dos "carpinteiros de pés mollados", como os define Santiago Llovo.

No que atinxe á Ponte Nafonso acae reproducir unhas cantigas populares, tales como:

Pasei a ponte de Noia
paseina de pedra en pedra;
coa auga dos meus ollos
fixen encher a marea.

Ou estoutras dúas compiladas por Evaristo Domínguez Rial que xa nomean polo seu nome á devandita ponte:

Adeus Ponte Nafonso,
non sei quen te acabará.
Trinta anos me levaches,
a flor da miña mocedá.
...

Adeus Ponte Nafonso,
non sei quen te acabará.
Trinta anos me levaches,
toda a miña mocedá.

Sobre esta carpintaría da ribeira hai numerosa e ben acreditada documentación. Cito tan só a modo de exemplo as seguintes publicacións: *A carpintería de ribeira e os estaleiros no concello de Outes*, de Xoán Francisco García Suárez; *Derrota e singraduras do Joaquín Vieta*, de Xosé Agrelo Hermo; *Mar de Outes berce dos carpinteiros de ribeira galegos,* de Santiago Llovo Taboada e o número 7 da revista *Ardentía* (páx. 5-24).

A DINASTÍA RÍOS

Francisco Ríos Cerzón, veciño da aldea de Cerzón pertencente á parroquia de Sabardes, foi o iniciador dunha familia de mestres carpinteiros da ribeira, a familia Ríos. Os seus dous fillos varóns, Domingo e Manuel Ríos Otero, seguiron os seus pasos. Domingo emigrou a Bos Aires e aló seguiu exercendo a mesma profesión aprendida do proxenitor, formou a súa propia familia e o seu núcleo de amizades. Lonxe da terra finou e lonxe da terra foi sepultado. Manuel proseguiu coa profesión de mestre carpinteiro da ribeira no estaleiro no que principiara a aprende-la profesión xunto co seu irmán ubicado preto da praia de Porto Siavo. Os restos da rampla de botadura e os do propio estaleiro están contemplados no PXOM do concello como "bens de especial protección". Atribúeselle a Manuel a construción de 101 embarcacións de distinto porte e tonelaxe encargadas por industriais, coma Vieta, Portals, Roura, Sel e outros. O balandro Joaquín Vieta, o de máis sona porque inda suca os mares para ledicia e aprendizaxe de xoves e de xente de máis idade, foi construído no ano 1915 neste estaleiro por encargo do industrial muradán Joaquín Vieta Ros. Tiña 15 metros de eslora por 4,53 de manga e unha tonelaxe de 29,36 Tn. A súa botadura produciuse en 1916 e dende este ano pasou a

engrosa-la frota de barcos da denominada "carreira de Vigo" por se-la cidade olívica o principal porto de carga e descarga de mercadorías.

No 1928 foi vendido á veciña de Noia Teonila Pérez Fernández. Foi cuxamente con esta propietaria cando foi vítima dos temporais marítimos no embarcadoiro de Pedra Sartaña e incrementóuselle a súa eslora ata os 19 m. Á morte de Teonila o balandro, xa motorizado, pasa a propiedade dos seus fillos Juana e Delfina Pérez Pérez e véndenllo ao veciño de Esteiro José Alborés Torea, que o transforma en batea no ano 1982. Xunto co seu socio temporal Eugenio Prol Lloréns, de Cerzón, transfórmano en barco auxiliar de bateas. Logo, cinco anos despois, Eugenio véndelle a súa parte a José e mércalle outro, adicado á extracción de area, a Parcero de Ponte Nafonso. Anos despois o Joaquín Vieta acaba pertencendo á asociación que leva o seu mesmo nome e segue en activo como barco-escola despois de máis de cen anos de múltiples singraduras.

Foto 2. Taller Ríos. Foto de Pura Buján, tomada do libro de Santiago Llovo *O Freixo de Sabardes* **.Ed. Meubook.2015.**

Volvendo ao estaleiro propiedade da familia Ríos, cómpre dicir que a Manuel Ríos Otero, finado no ano 1942, vano suceder os seus dous fillos varóns Manuel e Francisco Ríos Caamaño. Comeza unha nova xeración de mestres carpinteiros da ribeira que dende mediados do século pasado dirixiron nestas instalacións a construción e botadura de moitas motoras e racús (embarcacións de remo e vela latina) principalmente para a frota da pescada de Muros. Moitos carpinteiros, operarios, calafates... traballaron neste estaleiro. Mais o tempo vai pasando paseniño pero de xeito implacable e sen que se poida deter.

O SERRADOIRO DE FRANCISCO RÍOS CAAMAÑO

Francisco casou con María Moledo del Río e trasladouse a vivir a Serantes (S. Cosme) emparentando así cunha familia relacionada tamén coa carpintaría da ribeira que tiñan o estaleiro na Bugalleira. Xunto co seu cuñado Ramón construíron dous pendellos destinados un a serradoiro, denominado "Madeiras Moledo", e o outro á construción de barcos na ribeira do Freixo. Tamén construíu o cine da mesma localidade que estivo funcionando algo máis de vinte anos. Da sociedade relacionada coa transformación da madeira, Francisco, en sociedade co seu cuñado Ramón, finado no 2005, quedou como socio maioritario e ocupábase da xerencia e de todo aquilo que lle incumbía á mesma: relacións públicas, compra e venda da madeira, todo o empalmado coa contratación do persoal ó servizo da mesma, mentres que o seu irmán, Manuel, ocupábase da construción dos barcos. Esta sociedade estivo en plena actividade máis de trinta anos. Nos terreos nos que se estibaba e transformaba a madeira foi construído bastantes anos despois o actual Náutico do Freixo que leva o nome de Francisco Rama. Os mercados nos que se vendía a madeira xa traballada estaban situados en: Vilagarcía, o sur de España, a empresa FINSA e, en menor medida, Francia. Despois dalgunhas décadas de traballo arreo e sempre superando múltiples dificultades do acontecer diario a Francisco chégalle a hora da súa xubilación. Con el remata a actividade na carpintaría da ribeira dunha familia senlleira neste ámbito, mais tamén a do serradoiro; familia que inda hoxe pervive pero adicada a outras actividades, porque do matrimonio de Francisco con María Moledo naceron dúas fillas: Concha e María Esther (finada a unha idade moi xove, deixando tres fillos orfos que teñen descendencia, ao igual que os da súa irmá maior).

BREVE COROLARIO

Por último, e para rematar esta miña achega á revista *Terra de Outes*, unhas refexións con respecto á actividade da carpintaría da ribeira en Outes que é obrigado comentar. As ribeiras, marismas e bocarribeiras de Outes foron propicias para o fomento e a grande actividade deste sector produtivo non só pola intensidade de embarcacións que se construían, polo pulo económico que supuxo para todo o concello, senón tamén polo acabado das mesmas; é dicir, os barcos construídos en Outes garantían unhas características para a navegación superiores aos construídos noutros lugares. De aí procede o intenso negocio que se produciu ao abeiro deste sector produtivo.

Porén, Outes ten un pasado que non debemos esquecer, mais tamén un porvir que hai que afrontar e este porvir tamén pasa por recuperar aquel pasado na medida do posible e encara-lo futuro orgullosos do noso pasado. Os rexedores deste concello teñen a obriga de recupera-la memoria histórica, preservala para as futuras xeracións, revalorizándoa no que sexa posible e dándolle publicidade.

Cónstame que neste aspecto a actual Corporación está actuando con atino cos medios económicos dos que dispón. Procuremos que Outes preserve a súa historia patrimonial e económica.

É certo que dende que apareceron os motores, os cascos de ferro e os de poliéster a industria naval da madeira foi esmorecendo. O progreso e as normativas da UE impuxéronse, pero é posible recuperar o de antes e facelo factible hoxe inda que sexa con outras finalidades.

Foto 3. Concha Ríos

A Igrexa de Entíns cumpre 300 anos

Xoán X. Mariño

Foto 1.Igrexa de Santa María de Entíns

A actual igrexa parroquial de Sta. María de Entíns rematouse de construír en 1720, segundo a inscrición gravada na bóveda do cruceiro (intersección dos dous brazos que dan forma de cruz ao edificio), na que tamén figura o nome do arquitecto: Blas Batela, de quen non sabemos absolutamente nada, pois non aparece en ningunha outra obra de toda a contorna, nin en ningún documento da época conservado.

O edificio (foto 1), situado no propio lugar de Entíns, que dá nome a toda a parroquia, substitúe a outro máis antigo, de época románica (séculos XI-XII) do que só se conservan os canzorros que sosteñen o petril que pecha o adro pola parte da casa reitoral.

A planta (ver imaxe 2) é de cruz latina co testeiro recto e unha estancia cadrada que fai as funcións de sancristía, no lado norte do presbiterio. Os brazos menores da cruz presentan un gran desenvolvemento (6.4 x 4 m) e o brazo maior vai ancheando imperceptiblemente cara aos pés. A porta principal ábrese no muro oeste e outra lateral, máis pequena, no muro sur do brazo maior.

No exterior presenta unha altura de 12 m pola parte media e as súas paredes están construídas de boa cantería, pero de absoluta nudez ornamental, salvo a decoración da fachada, de xeito que o seu aspecto é de gran solidez, pero tamén pesadez, contraria á lixeireza que caracteriza as obras do barroco, época na que esta igrexa se ergueu.

A porta principal aparece enmarcada por baquetóns superpostos que nas esquinas adoptan a forma de orelleiras cadradas e flanqueada por pilastras caixeadas que sosteñen unha moldura dobre que fai as veces de entaboamento sobre o que pousa unha cornixa que sobresae máis notablemente e sobre a que descansa un frontón de liñas crebadas con pináculos colocados enriba á altura das pilastras e o vértice, este último cunha cruz. O frontón acubilla unha fornela de bóveda aveneirada na que está instalada unha Inmaculada de pedra e gran beleza. A porta lateral tamén está enmarcada por orelleiras, pero neste caso escavadas en sucesivos rebaixes.

O interior da igrexa vai cuberto con bóveda de canón, menos o cruceiro, que leva bóveda de aresta rebaixada (ver foto 3) e o segundo tramo do brazo maior, así como o presbiterio, que levan bóveda de canón con lunetos, apoiadas todas sobre arcos faixóns reforzados que descansan sobre ménsulas, agás os arcos do cruceiro, que o fan sobre pilastras caixeadas. Separando paredes e bóvedas, un entaboamento crebado percorre todo o perímetro da igrexa, a unha altura de sete metros e medio no altar, pero este está máis de medio metro elevado respecto ao nivel da nave principal por medio de tres chanzos. Na parede norte do presbiterio ábrese unha porta que dá acceso a unha sacristía de planta cadrada, cuberta con bóveda de aresta e unha altura considerablemente menor (pouco máis de tres metros). Na esquina da cabeceira e o brazo septentrional do transepto vai un púlpito asentado sobre unha peaña circular adosada ao pilar e ao cal se accede por sete chanzos de pedra.

Nos muros do terceiro tramo do brazo maior da igrexa están escavados senllos nichos rectangulares para asentar neles cadanseu confesionario, e no primeiro tramo, xunto á portada occidental, outro nicho con cuberta abovedada que fai as veces de baptisterio, cunha pía de pedra no seu interior de pé cilíndrico e vaso circular decorado con linguas en relevo; no lado oposto, outra porta dá acceso á tribuna superior por medio dunha escaleira escavada no interior do muro.



Foto 2.Planta da igrexa de Santa María de Entíns

Para a cabeceira da igrexa comezou a construír, pouco despois de ser rematada, Ignacio Romero un gran retábulo de case oito metros de altura e máis de cinco de ancho, ao que deron término Bernaldo do Río e Alonso Fernández en 1727. O conxunto, un dos máis portentosos e elaborados retábulos barrocos de toda a bisbarra de Muros e Noia, está tallado en madeira de castiñeiro e dividido en dous corpos de tres rúas cada un, flanqueadas estas, no primeiro corpo, por columnas salomónicas (isto é, con

forma helicoidal) de fuste percorrido por pámpanos de uvas, que se levantan sobre altos plintos decorados con grandes follas de acanto e volutas que se repiten baixo o entaboamento deste primeiro corpo e mais no segundo.

A rúa central leva un pequeno tabernáculo que, no primeiro piso, acubilla un sagrario de paredes minuciosa e primorosamente decoradas con relevos curvilíneos e vexetais dourados que enmarcan o relevo tamén dourado dun pelícano que alimenta a dous poliños e, no segundo piso, leva un edículo de tres vans separados por volutas de formas vexetais e piñas de froitas, en cuxo interior vai unha pequena imaxe do Neno Xesús e, sobre o crebado entaboamento un voluminoso pináculo troncopiramidal de lados curvos e decorado con orelleiras e pequenas volutas. As rúas laterais levan catro medallóns cos relevos dos evanxelistas e senllas esculturas de S. Xoán Bautista e S. Antonio.

O segundo corpo, tamén de tres rúas, agora separadas por pilastras percorridas por sartas de froitas sobre as que se apoia o entaboamento curvo que pecha este magnífico retábulo, está presidido pola fermosa imaxe da Virxe da Asunción, medio axeonllada sobre un trono de nubes e querubíns mirando ao ceo e estendendo os brazos para remarcar o efecto de ascensionalidade cara ao medallón coa Trinidade que coroa, baixo unha gran cuncha de vieira con follas de acanto, este espléndido conxunto que, lamentablemente perdeu no s. XIX, por decisión do párroco, as finas láminas de ouro que orixinalmente o cubrían e facían refulxir intensamente dentro da penumbra do templo.

Si conservan mellor, en cambio, os pans de ouro, os retábulos laterais da Dolorosa e o Carme. Ambos miden 7 m de alto e 3 de ancho, aínda que son uns anos posteriores (probablemente 1768). Do segundo deles (foto 4) desapareceron varias tallas orixinais, una escultura do primeiro corpo e dúas do segundo, mentres que só perviven del as exquisitas imaxes da Virxe do Carme, do Rosario e S. Xosé, sendo máis mediocres as do retábulo situado ao outro lado do cruceiro, a Virxe das Dolores que o preside, o Ecce Homo do alto e o Cristo Xacente da parte inferior.

Hai algunhas outras pezas escultóricas espalladas polo interior da igrexa, pero todas elas de moi inferior calidade cás anteriores, algunhas antigas, como S. Roque ou o S. Brais que se acha no alto do tornavoz do púlpito antes comentado; outras máis modernas como S. Antonio de Padua, outro Neno Xesús que se usa nos Nacementos do Nadal, un Corazón de Xesús, outra Inmaculada adosada á parede norte do cruceiro e unha Virxe de Fátima.

Máis mérito que estas últimas teno o cruceiro de pedra que preside o cemiterio vello (ver foto 4), de case seis metros de alto e máis de 170 anos de antiguidade que se ergue sobre unha plataforma de tres chanzos de planta octogonal, mentres que, polo contrario, o campanario de formigón erguido en 1972 é un bodrio que fere a vista, estragando a monumentalidade da obra de arte que é o templo de Sta. María de Entíns, que, por outra parte, ten numerosos sillares da fachada occidental movidos ocasionando unha greta que ameaza con esborroncar a parede, arrastrando consigo a bela imaxe da Virxe María que a preside desde hai tres séculos.

Foto 3. Interior da igrexa

Foto 4. Retábulo do Carme



Foto 5. Cruceiro do Cemiterio

Destino Cabo de Gata: un pasado volcánico

Mª Paz González López

Cala de Madia Luna. Ao fondo Peineta de Mónsul

No pasado verán, escollín Cabo de Gata como destino vacacional porque creo que ofrece unha combinación das cousas que me gustan: praias con auga quentiña, vilas con ambiente pero sen que supoña un agobio, bonitas paisaxes e pedras con historia. E non me defraudou. Por iso, quero compartir con vós a miña experiencia.

O nome Cabo de Gata emprégase para referirse a distintos lugares relacionados co espectacular cabo formado por rochas volcánicas situado no concello de Níjar en Almería: unha pequena vila que pertence ao concello de Almería e se sitúa ao oeste do cabo e a Serra de Cabo de Gata, un macizo de orixe volcánica moi próximo ao litoral. Pero tamén se usa para as figuras de protección que afectan á zona: o Parque Natural Marítimo-Terrestre Cabo de Gata-Níjar e o Xeoparque Mundial da Unesco Cabo de Gata-Níjar.

É o primeiro Parque Natural de Andalucía (1988) e a súa protección débese a que presenta ecosistemas de enorme valor e singularidade tanto terrestres como mariños. Destacan a estepa salina mediterránea, adaptada a unhas condicións de aridez extremas, no medio terrestre, e as pradeiras de Posidonia, verdadeiros bosques desta planta acuática endémica do Mediterráneo que acubillan unha enorme diversidade de fauna, no mariño. Ademais é un dos poucos Xeoparques da península, doce en España, incluído o Xeoparque das Montañas do Courel que acadou este recoñecemento recentemente, e dous en Portugal. Esta distinción débese á súa excepcional combinación de formacións volcánicas e sedimentarias que xunto á aridez da zona configuran unha paisaxe de beleza extraordinaria.

Só por contar con estas figuras de protección parece un destino atractivo, aínda que recoñezo que quizais non todo o mundo aprecie a súa beleza posto que adoitamos preferir paisaxes verdes, cheas de vexetación e con auga correndo e refrescando o ambiente; algo que desde logo non atoparemos alí. Pero a percepción do que nos arrodea ten que ver tamén cos nosos coñecementos previos, polo que a mirada tamén se educa. Así que intentarei convencervos de que Cabo de Gata si paga a pena (nunca mellor dito, porque unha visita en verán implica pasar moita, moita calor), aínda que o seu aspecto desértico produza un certo desacougo no noso corazón galego.

A pesar de que a presión turística chega a todos os lados e no Cabo de Gata tamén se nota, non é comparable á que afecta a moitos outros lugares da costa levantina convertidos en enormes cidades vacacionais construídas no boom inmobiliario, sen personalidade, sen servizos e asentadas en zonas sen capacidade para absorber os enormes impactos ambientais que xeran; especialmente a sobreexplotación dos recursos hídricos nunha rexión cun claro déficit de auga. Quizais a ausencia de praias extensas, de boas comunicacións viarias e de grandes poboacións, xunto coas medidas de protección por ser un espazo natural, tiveron un efecto ralentizador do crecemento urbanístico.

A maioría das praias do Parque son pequenas calas situadas en lugares escarpados, ás que hai que acceder facendo un tramo máis ou menos longo a pé; algo que afortunadamente non todos estamos dispostos a facer e menos nos meses de máis calor do ano.

Tampouco hai moitas vilas, son pequenas, non teñen moita capacidade nin servizos hostaleiros para acoller un número grande de visitantes e ir dunhas a outras non supón facer moitos quilómetros pero si investir bastante tempo, xa que non hai unha estrada que as enlace todas pola costa debido a que é moi accidentada. Pero isto, máis que un prexuízo, pode supor unha vantaxe, pois limita a presión turística e "selecciona" dalgunha maneira un tipo de visitantes ao que non lle importan estes inconvenientes.

Los Escullos. Erosión sobre duna fósil

As vilas costeiras máis grandes son, indo de oeste cara a leste: Cabo de Gata, que se sitúa antes do cabo, San José, Las Negras, Agua Amarga e Carboneras, que é a máis grande pero non forma parte do Parque. Ningunha delas ten moito interese por si mesma, salvo Auga Amarga que é especialmente bonita porque está formada por casas brancas harmoniosas situadas a pé de praia. Tamén ten certo encanto Rodalquilar, unha vila interior aínda que próxima á costa e tristemente famosa polo asasinato do pequeno Gabriel. Aínda que na actualidade é unha vila moi pequena, tivo unha época de gran esplendor porque había unha explotación mineira de ouro. Quedan moitas construcións arruinadas do antigo poboado e as instalacións mineiras pódense visitar. É aquí onde se sitúan o centro de xestión do Parque e un centro de información sobre os puntos de interese xeolóxico e mineiro chamada "La casa de los volcanes", que non demos visitado, por cuestión de festivos e horarios. Si conseguimos facer un interesantísimo paseo polo Xardín Botánico "El Albardinal", que tamén está en Rodalquilar. Esta visita

permitiunos descubrir e entender que o que para nós non eran máis que unha morea de plantas espiñentas, secas e mortas, en realidade agochaba unha infinidade de curiosas adaptacións a condicións extremas de aridez, salinidade e altas temperaturas. Un pequeno exemplo: a perda de follas, que no noso clima se produce no outono debido a que a escaseza de luz fai que non sexan necesarias, alí prodúcese no verán para evitar na medida do posible as perdas de auga por evaporación; de aí que as plantas parezan mortas cando en realidade están vexetando en espera dunha pouca auga. Esta información abriunos os ollos a unha nova mirada nos pequenos paseos ás numerosas calas que visitamos.

Nesta mesma vila, un grupo numeroso de artistas, a maioría asentados na zona, decoran cada ano desde o 2016 as fachadas das edificacións coas súas obras, que posteriormente se poxan con fins benéficos. É unha iniciativa realmente interesante que, ademais de servir de escaparate para os artistas, converte a vila nun centro de arte contemporánea.

As praias do Parque teñen más interese que as vilas. Son, en xeral, pequenas calas arrodeadas de fermosísimos cantís formados pola acción do mar sobre un substrato rochoso de enorme interese xeolóxico. Igual que coñecer o contexto histórico e social en que se enmarca unha obra de arte nos permite apreciala en toda a súa dimensión, coñecer como se forman as paisaxes axúdanos a entendelas.

A paisaxe de Cabo de Gata formouse a partir de rochas volcánicas producidas en erupcións costeiras e submariñas hai entre 16 e 8 millóns de anos que posteriormente sufriron sucesivos asolagamentos e retiradas do mar por ascensos e descensos do seu nivel, o que en Xeoloxía se chaman transgresións e regresións mariñas, repectivamente. Nos períodos en que estivo baixo o mar, chegáronse a formar arrecifes de coral que sobresaían formando illas. Nos períodos de regresión mariña formáronse depósitos de tipo continental, como por exemplo dunas eólicas que logo quedaron fosilizadas. E todo isto pódese ver percorrendo uns poucos quilómetros de costa, grazas a que parte do conxunto está agora sobre o nivel do mar e a que este o vai destapando coa súa continua acción erosiva. Todo un luxo!

Descubrir todos estes segredos encerrados nas pedras, nas plantas, nos animais, na paisaxe, só require de recompilar algo de información e buscar pistas que nolos revelen. En Cabo de Gata é bastante doado porque nas oficinas de información turística dispoñen tamén de información sobre o Parque Natural e sobre o Xeoparque. Tamén ofrecen unha aplicación para o móbil co estado das praias: estado do mar e recomendacións de baño, dirección e forza dos ventos, presenza de medusas (un verdadeiro suplicio), breve descrición e forma de acceder a elas. Así que só hai que dispoñerse a facer de turista informada, a desfrutar das augas cálidas do Mediterráneo pero cunha mirada atenta ao que a Terra nos conta. Escoller praia, informarse sobre os seus aspectos ecolóxicos ou xeolóxicos e andando. "Andando" literalmente en moitos casos, porque a moitas das calas só se chega a pé e porque non se necesita nin traxe de baño: moitas delas son nudistas e en todas hai unha convivencia totalmente harmoniosa e respectuosa de xente vestida e espida.

Arrecife de la Sirena. Antiga cheminea volcánica

Unha das zonas de maior interese e máis coñecidas é a das praias do oeste, ás que só se pode acceder desde dous puntos: andando desde o cabo de Gata ou en coche ou bus desde San José. O acceso de coches particulares está regulado e cando se acada o número máximo só se pode entrar en autobús. Isto que pode parecer un inconveniente en realidade resulta comodísimo, xa que hai autobuses cunha frecuencia alta e teñen paradas en varias das praias, co que podes moverte entre elas a pé ou en bus. Aquí está unha das praias máis fermosas e máis famosas con toda razón: a praia de Mónsul. No lado leste ten unha espectacular duna remontante que sobe polo cantil e no medio da praia unha lingua volcánica con aspecto de onda sobre o mar á que chaman a "peineta" e que resulta tan bonita desde lonxe como de preto, debido ás formas que o mar modelou sobre ela. Na praia do Barronal, moi próxima a esta, poden observarse coladas de lava coa típica disxunción en forma de columnas dalgunhas rochas volcánicas. Tamén é moi bonita a praia dos Genoveses, unha das máis grandes e concorridas da zona. A todas elas se accede por unha chaira na que conviven os palmitos autóctonos con pitas que se plantaron para obter fibras téxtiles para producir alpargatas e que se asilvestraron ao non prosperar a explotación, unha combinación que resulta moi curiosa.

Se queremos cambiar o ambiente volcánico por un sedimentario podemos achegarnos a Los Escullos. Nunha zona próxima á praia hai unha duna fósil espectacular, por ser fósil, porque os grans de area están cementados, non se moven como nunha duna actual, o que resulta realmente chocante, e porque ao ser unha rocha moi feble, a erosión do mar sobre ela dá lugar a formas caprichosas que parecen encaixes. Preciosa!

En realidade podemos atopar formacións rochosas interesantes e bonitas ao longo de todo o litoral, pero hai tamén outros aspectos polos que o Cabo de Gata é singular. Preto de Las Negras está a cala de San Pedro, onde vive unha colonia de "hippies" de forma autosuficiente, grazas a que se sitúa nun val fértil e co auga potable. Á cala só se chega andando a través dun camiño moi escarpado duns 4 quilómetros ou por mar. Paga a pena unha visita, aínda que, como en Las Negras hai moitos barcos que ofrecen viaxes ata ela, pode estar masificada.

Xa máis lonxe, pasada Carboneras, merece unha visita a praia del Algarrobico. A que foi unha praia marabillosa, a máis cinematográfica do Parque porque alí se rodou Lawrence de Arabia, hoxe é famosa pola construción ilegal dun monstruoso hotel de 21 plantas e 411 habitacións. Unha aberración que aínda hoxe e malia a mobilización cidadá e as numerosas sentenzas que o declararon ilegal se mantén en pé. Un símbolo da pésima xestión do litoral dos distintos gobernos.

Tamén no Parque Natural podemos visitar unha zona de interese pola avifauna, neste caso dirixíndonos cara a Almería. Trátase dunhas salinas, que se atopan preto da vila de Cabo de Gata, que son utilizadas por numerosas aves como lugar de residencia ou de paso nas súas migracións. Especialmente vistosos son os flamengos rosados que poden observarse durante todo o ano.

Calas Chicré e Carbón. Ao fondo Torre de Vela Branca

Estas son unhas pequenas pinceladas do que podemos atopar en Cabo de Gata. Non falei dos horrores que tamén se poden ver: o mar de plástico que cada vez devora máis terreo fértil para transformalo en fábrica intensiva de alimentos a base de fertilizantes e pesticidas, producindo desertización e contaminando as augas; como xa sucedeu no Mar Menor, hoxe case morto pola eutrofización que o deixa sen osíxeno. Nin do modelo de xestión desta agricultura, insostible tamén socialmente, porque bota man de inmigrantes que viven en condicións de semiescravitude. Nin da presión inmobiliaria que segue ameazando as xoias que aínda quedan, como o proxecto de establecemento hoteleiro na cala de San Pedro que se rescatou este febreiro, despois de ter recibido un ditame negativo en 2018, aproveitando seguramente o cambio de goberno.

Prefiro ser positiva e ter esperanza, aínda que creo que en Andalucía corren malos tempos para a política, para a natureza, para as persoas.

Unha galega de Erasmus na Irlanda (e II)

Alba Calo Blanco

Eu non puiden elixir mellor destino que Irlanda, pero cada un ten un segundo fogar esperando por el nun país veciño

Facer un Erasmus é unha experiencia incrible, probablemente unha que recordarás toda a túa vida. O teu día a día tínxese de emoción, de plans aos que nunca dis non, de descubrimentos diarios e cousas que non sabías. Todo isto axúdache a ter unha mente máis aberta, a ser máis crítico co que che rodea, a ser más independente e adaptarte a situacións novas con maior facilidade, a madurar, a coñecerte mellor a ti mesmo, etc. Pero todo isto pode parecerche moi lonxe a primeira vez que debes pensar se queres optar a esta bolsa ou non, practicamente un ano antes de que comece o período de mobilidade.

Para comezar, os requisitos principais para poder optar a unha bolsa do programa Erasmus+ son, obviamente, estar matriculado nunha universidade para obter un título oficial e levar a cabo a solicitude na forma e no prazo que se che pide, facer o período de mobilidade en 3º ou 4º curso, non antes, acreditar o nivel de idioma mínimo do teu destino elixido e non ter renunciado a convocatorias anteriores fóra de prazo. No meu caso, foi polos meses de outubro e novembro cando comecei a recibir toda esta información, e en decembro xa tivemos a reunión de reparto de destinos. Se vas optar por levar a cabo a mobilidade en 3º curso, eu recomendaríache que a fixeses durante os 9 meses. Doutro xeito, o que adoita pasar é que tes que volver ao teu país de orixe cando a piques comezabas a sentirte cen por cen a gusto no de acollida. Se decides vivir esta experiencia en 4º, deberás falar coa túa facultade, xa que moitas non che dan a opción de facer o TFG a distancia, polo que o Erasmus pode-ría retrasar a obtención do teu título como graduado.

Se queres que esta experiencia saia ben, o lugar ao que vas ir é das cousas máis importantes a ter en conta, tanto polo clima, como pola cultura, o idioma que se fala, o custe e o nivel de vida, etc. Pero ademais destas cousas nas que todo o mundo pensa, debes ter en conta se a convalidación de créditos da carreira que estás estudando será fácil. Parece bastante obvio que se ofrecen unha praza para x universidade en

O Erasmus é moito máis que unha experiencia para mellorar o teu nivel nun idioma estranxeiro



Esta experiencia cambiarache a vida

x país para a túa carreira é porque a convalidación dun curso completo é posible, verdade? Pois non sempre é así. Ás veces, os alumnos encóntranse con que deben coller sinaturas de varios cursos para encher o acordo de estudos, o que pode traducirse nun problema gordo de horarios cando volvas á túa universidade para facer o último ano, por exemplo. E aínda así deberás sentirte afortunado se consegues levar o número de créditos que equivalen a un curso completo en España (normalmente 60) e ao volver non tes que facer unha ou dúas sinaturas máis das que che tocarían ese ano.

Cada universidade estranxeira terá un coordinador asociado. A miña recomendación é que tan pronto saia a lista de destinos posibles vaias falar con eles. Escolle dous ou tres destinos do teu interese e os profesores/coordinadores diranche en que universidades é máis fácil facer as convalidacións. O acordo de estudos é algo que che traerá pola rúa da amargura e ameazará con acabar cos teus nervios. Coñezo casos de persoas que se renderon e finalmente non fixeron o Erasmus porque xa non vían factible facer a carreira nos 4 anos que debe durar se todo vai ben. Non valerá de nada que eu vos diga aquí que non desesperedes, porque sendo realista pode que mesmo vos custe bágoas convencer os coordinadores e a responsable académica de mobilidade para que vos asinen o maldito papel. O único consello que vos podo dar é que teñades moi ben estudadas todas as convalidacións posibles e sempre (sempre) un ás na manga. Teño compañeiras que tiveron que cambiar o acordo de estudos e perseguir a profesores en busca de sinaturas mesmo estando xa en Irlanda, e crédeme cando digo que é algo polo que non queredes pasar. Levade xa estudados daquí máis cambios posibles por se no país de destino vos poñen algún problema ao chegar, de maneira que non perdades máis tempo do necesario neste tema.

Unha vez solicitaches a praza, acreditaches o nivel de idioma e, repito, o máis importante, tes o acordo de estudos blindado por todos os lados, o resto do papeleo vai ir sobre rodas. Terás que asinar o convenio financeiro para optar á bolsa da UE, da que che falarei nun intre, terás que facer un test de idioma obrigatorio para a Comisión Europea antes de marchar e ao regresar, terás que ter sempre á man a túa credencial Erasmus, cubrir o certificado de chegada ao arribar e o certificado de fin de estadía ao marchar, traer contigo o certificado das túas notas na universidade de acollida e, finalmente, facer un informe sobre a túa estadía no estranxeiro, tamén para a Comisión Europea. Respecto ás demais bolsas, a súa solicitude non é máis complicada do que estarás acostumado a facer no teu país de orixe.

Estudando en Galicia, polo que eu sei, deberías poder solicitar catro bolsas: a Bolsa Santander Erasmus, a bolsa MEC que solicitarías normalmente aínda que non vaias de Erasmus, a bolsa da Unión Europea e a bolsa da Xunta. As axudas do banco Santander (isto pode cambiar dependendo do ano) ofrécense a bolseiros MEC do curso anterior ao que se solicita a mobilidade ou a persoas con discapacidade de máis do 33% e aos mellores expedientes. A bolsa MEC debes solicitala coma cada ano, simplemente debes marcar a casa que indica que estarás facendo un programa de mobilidade. Tanto a bolsa da Unión Europea coma a da Xunta de Galicia ofrecen distintas cantidades por mes dependendo do nivel de vida do país ao que vaias e se fuches ou non bolseiro o ano anterior. Hai estudantes que conseguen máis financiación que outros, estudantes que teñen un presuposto máis elevado e outros que teñen un presuposto máis baixo, estudantes que van a un país máis barato e estudantes que van a un país máis caro... Se os cartos das bolsas vos van chegar para pagar o Erasmus ao completo é algo ao que eu non podo respondersi ou non, aínda que a miña experiencia (nun país dos máis caros, teño que dicir) é que é moi raro o caso que se apaña só coas axudas (de aí o nome das mesmas).O que si debedes ter en conta, no entanto, é que os cartos destas bolsa poden tardar moito (moito) tempo en chegar, e mesmo poden facelo en dous prazos, polo que vaite ao país de acollida seguro de antemán de que terás os cartos suficientes para vivir alí durante polo menos o primeiro semestre. Soa bastante elitista, pero así é o sistema: intenta ter os cartos antes de marchar, mesmo se máis tarde as distintas organizacións chos ingresan.

Para pechar este artigo de forma circular... facer un Erasmus é unha experiencia incrible. Que non che desanimen os pasos previos porque paga moito a pena sufrilos para o que vivirás máis adiante. Penso que isto foi unha guía bastante completa para iniciarte na aventura de solicitar un Erasmus, pero de tódolos xeitos estou segura que na túa facultade che informarán de todo e repetirán miles de veces os puntos claves. Un Erasmus non é un ano da túa vida, senón unha vida nun ano.

Todo o estrés vivido antes de marchar vai valer a pena con creces unha vez comeces o período de mobilidade

Novas de mar

Adíase todo. A frota estará amarrada ata novo aviso

Xesús Mato

Dorna Albán

Un día antes de que se suspendesen as actividades educativas en todos os niveis, estaba reunido coa directora do IES As Insuas en compaña do noso socio Ramón Blanco, que tamén traballa neste centro de ensino secundario. O motivo da nosa reunión era organizar navegacións a vela co alumnado deste instituto. Recordo que comentei que deberían terse suspendido as clases como prevención de contaxios do coronavirus, acordamos que esta sería a única reunión presencial que fariamos e que no futuro usariamos o móbil ou ordenador para ultimar os detalles da actividade.

No curso da reunión recibín unha chamada do IES Poeta Añón solicitando dous días de navegación para o alumnado de primeiro e de terceiro de ESO, tiñamos tamén apalabrados outros dous grupos de primaria do CEIP de Outes para a mesma actividade, e outro máis do IES Praia de Barraña de Boiro.

Ao día seguinte era claro que todo quedaba condicionado pola evolución da pandemia. O Festival Marítimo de Pasaia, Muros Mira ao Mar, A Inchadiña, Segunda Subida ao Tambre, Curso de Navegación a Vela en Embarcacións Tradicionais, Festa de botadura das novas embarcacións. Todo está no aire, esperemos que algunha cousa se poida facer este ano, e se non para o próximo.

Pero falemos de cousas positivas: Temos dúas novas embarcacións en condicións de navegar a vela, dúas dornas que bautizamos como Ría de Outes e Albán. A recuperación destes barcos foi posible grazas a unha subvención da Deputación da Coruña, coa que ademais pintamos e calafateamos a Donas, compramos as velas para as dornas, un motor foraborda, cabos e rizóns, walkie-talkies para mellorar a seguridade, impresión do logo de Terra de Outes nas velas... É obrigado tamén o recoñecemento ao Concello de Outes pola súa subvención para as actividades de Terra de Outes, imprescindible porque a Deputación aporta aproximadamente o 80% do gasto e necesitamos completar ese 20% restante. Esperamos poder reiniciar axiña as nosas actividades en defensa do patrimonio marítimo. A nosa frota, Támara, Langaño, Donas, Ría de Outes e Albán tamén levan mal a corentena.

Dorna Ría de Outes

Un socio que ve recoñecido o seu traballo

Redacción

O 19 de febreiro deste ano, o noso socio Adrián Dios Vicente recibiu o premio de investigación económica Valentín Paz-Andrade na modalidade de tese doutoral.

Historia de Unión Fenosa no marco do sector eléctrico, 1982-2008. Evolución empresarial, financeira e impacto do marco regulador foi o estudo premiado que convocan o Consello Económico e Social de Galicia e o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia. O acto foi presidido polo reitor da USC, estando presentes o presidente do CES e o director do IDEGA, que actuou de secretario.

O xurado valorou a tese doutoral de Adrián nos seguintes termos: "A relevancia do obxetivo do estudo e o rigor metodolóxico da tese, ao abordar un tema escasamente analizado ata agora, que tivo profundas repercusións no sector enerxético e sobre o que esta tese fai unha contribución sobresaínte".

O acto celebrouse no salón de Graos do Colexio San Xerome e o premiado tomou a palabra para mostrar os agradecementos pertinenetes ao xurado e tamén dirixirlle unhas agarimosas palabras ao seu director da tese, o profesor e doutor de economía, Xoán Carmona. A continuación comentou o orgullo de ter recibido un premio co nome de Valentín Paz-Andrade, home que calificou de activista, militante galeguista, intelectual e economista, que ademais sufriu a represión franquista e que, xa nos anos vinte do século pasado, reivindicaba a universidade pública para os intereses dos galegos e galegas. E con esta lembranza Adrián remataba o seu discurso agradecéndolle ao ensino público o ter chegado ata este premio, "se estou aquí é pola educación e pola universidade pública", advertindo da debilidade da mesma diante das iniciativas de ensino privado.

Parabéns, Adrián, e que veñan novos logros!!



Optica OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - **Tlf. 981 82 42 60**

N O I A

Coronavirus e a xestión da crise

Dr. Xosé Mª Dios Diz



Coronavirus

A declaración en Galicia de Emerxencia Sanitaria o pasado 13 de marzo do 2020 (DOG n.º 51), fixo posible realizar unha serie de actuacións que o goberno galego puxo en marcha de inmediato. Creou o Centro de Coordinación Operativa (Cecop) da Emerxencia Sanitaria en Galicia, á fronte do cal está o Sr. Feijoo. As medidas postas en marcha nesa resolución confinan a poboación galega nas súas casas. Fai unha serie de excepcións: sanitarias, servizos de alimentación, gasolineiras, etc. A cuestión principal é blindar Galicia dun posible contaxio masivo de persoas. Que sucedeu? Que ao non blindar Madrid, todos os territorios fomos contaxiados, en máis ou menos cantidade. Temos unha xeralización de casos, que poderían ser moitos menos, se as autoridades españolas decidiran confinar a xente de Madrid e non permitir o seu traslado (masivo) a diferentes lugares do territorio da península ibérica. En lugar de ter un problema para 7 millóns de persoas, tívose para 57 millóns de persoas (incluído Portugal).

Este artigo quere ser unha exposición de feitos, construtiva, do problema, tratando de explicar como chegamos a esta situación e quen son os responsables da mesma. Non se pode poñer o sr. Feijoo como solución da Emerxencia Sanitaria, cando forma parte da causa que ocasionou as dificultades para resolvela. Por suposto non é responsable do coronavirus… pero si das decisións tomadas previamente, que deron lugar a que esteamos como estamos e suceda o que está sucedendo.

O Sistema Sanitario Público Galego é o que debía afrontar con garantías a crise e a alarma social da Pandemia do Coranovirus COVID-19. A incorpoación da sanidade privada aos labores de axuda está tamén recollida na declaración de Emerxencia Sanitaria. Pero debemos preguntarnos: por que chegamos a este punto de descontrol en Galicia, fiándoo todo a quedarmos na casa... e á sorte?

Partamos da definición da Organización Mundial da Saúde do que é un brote dunha enfermidade concreta: é a aparición de casos desa enfermidade que excede o que normalmente se espera. Unha Epidemia: é máis que un número normal de casos da enfermidade, é o comportamento específico relacionado coa saúde nunha comunidade ou rexión. A Endemia, defínese como a enfermidade que afecta a un país ou unha rexión determinados, habitualmente ou en datas fixas ("a malaria é endémica nalgúns países africanos"). E a Pandemia, defínese: como a "propagación mundial" dunha nova enfermidade.

Sabemos que a pandemia do coronavirus puxo en evidencia a política de recortes do Sistema Sanitario Público Galego (e, por suposto, noutros moitos lugares) e puxo de manifesto a política de potenciación das privatizacións levadas a cabo polo goberno de Núñez Feijoo; limitou a capacidade da Sanidade Pública Galega para facer fronte eficientemente á actual Emerxencia Sanitaria. Os recursos necesarios para planificar estratexias e mobilizar o preciso para facer fronte ás emerxencias sanitarias, foron externalizados a multinacionais sanitarias, que agora teñen a información e os datos epidemiolóxicos.

Os recortes no gasto sanitario público dos gobernos do PP, supuxeron que desde o 2011 (en que baixou o orzamento no 6.5% do PIB en Sanidade), a porcentaxe de inversión foi diminuíndo ano a ano (excepto no 2015) e as previsións eran reducila aínda máis ata o 2020, nunha porcentaxe do 5.6% (veremos que pasa co novo orzamento do actual goberno de Sánchez). A redución de camas hospitalarias, de persoal e en xeral de recursos, foi incrementándose ano a ano… e sempre como desculpa: a crise… Pero, neste contexto, a sanidade privada aumenta os seus concertos coa sanidade pública tamén ano tras ano… Desde 2008 ata 2016, o sector sanitario foi o máis castigado coa crisse, cunha redución na media salarial dxs traballadorxs de 11 puntos, segundo o Instituto Nacional de Estadística. Por outro lado, a elevada temporalidade do persoal sanitario, foi evidente: así, 1 de cada 3 traballadorxs da sanidade pública en 2019 tiña un contrato temporal (incumprindo a normativa da Unión Europea). Como dato revelador, 1 de cada 3 contratos firmados en Sanidade duraba menos dunha semana. Ademais, entre 2009 e 2018 perdéronse 12.180 profesionais na Sanidade Pública.

A Atención Primaria sufriu en gran medida esta política, polo que apenas conta cos recursos e equipos necesarios para prestar unha atención de saúde baseada na promoción e na prevención da mesma.

A marxinación dos servizos de Saúde Pública é evidente, non contan cos recursos necesarios e están descoordinados cos niveis asistenciais das Áreas Sanitarias (que tampouco teñen a estrutura e organización axeitada).

O PP está desmantelando os Hospitais Comarcais, con peches dos servizos necesa-

Protección sanitaria necesaria

rios para acercar a atención hospitalaria á poboación máis dispersa e envellecida que vive no rural, o mesmo que as ambulancias necesarias para trasladar enfermxs afectadxs de maneira urxente aos centros sanitarios (as últimas mortes así o testemuñan).

A angustia e ansiedade da poboación afectada nunha crise, requiren de profesionais e servizos de Saúde Mental, cos que apenas conta o Sistema Sanitario Público en Galicia.

Só os recursos da Sanidade Pública, que non teñen como finalidade o negocio empresarial privado, son os que poden garantir e protexer a saúde da poboación, o que deixou de manifesto a emerxencia actual. Os centros privados derivan os enfermos másis pluripatolóxicos e afectados polo COVID-19 aos centros públicos e van cobrar cantidades exorbitantes por tratar algúns enfermos e por realizar probas que lle van ser cobradas á Sanidade Pública.

É curioso escoitar o Sr. Feijoo dar as grazas, día si e día tamén, xs "profesionais sanitarixs", eses mesmos xs que el, coa súa política de recortes durante os seus 11 anos de mandato, fixo que traballasen máis por menos, ao non substituír xs profesionais ausentes. A precariedade laboral levou a que moitxs profesionais de Galicia, que foron formadxs durante moitos anos nas universidades e escolas galegas, con cartos galegos, fuxiran de Galicia para traballar en lugares onde o sistema sanitario correspondente xs tratase mellor que en Galicia. Estes lugares, sen gastar un euro na súa formación, fanse con profesionais de primeiro nivel (só teñen que pagarlle a/o traductor/a) e así, poden atender, de forma axeitada, as súas poboacións.

E, mentres, Galicia queda sen profesionais, e xs que están teñen que traballar nunhas condicións de precariedade (elxs falan de escravitude): contratos de horas cando van ser días, contratos de luns a venres, en postos de longa duración, para aforrar o sábado e o domingo, centos de contratos seguidos estando na mesma praza, etc. Todo isto fixoo a persoa que agora dá as grazas de forma hipócrita e que non cre ninguén dxs que traballan no SERGAS. Por isto, é primordial apoiar todxs (e non de *boquilla*) o Sistema Sanitario Público Galego e os seus profesionais, polo traballo que realizan, en condicións moi difíciles e sen os medios necesarios. O esforzo, dedicación e profesionalidade, quedan de manifesto na súa actuación na Pandemia do Coronavirus.

Mentres certos individuos canalizan a súa ira cara ás víctimas do sistema, os verdadeiros responsables da súa crise poden vivir ben tranquilos, porque nin os pacientes enfervorecidos, nin os recortes en Sanidade lles afectarán o máis mínimo.

Que debe facer o vindeiro goberno que saia das próximas eleccións? (que esperemos non sexa un novo mandato do PP, pois moi mal iremos). Recuperar e ampliar os recursos sanitarios públicos e acabar coa política de recortes, privatizacións e desmantelamento do Sistema Sanitario Público Galego.

Debemos restituírlle ao sistema os instrumentos necesarios para garantir a saúde, a promoción e prevención e unha planificación sanitaria baseada nunha información en mans públicas. Construír un Novo Modelo de Atención Primaria en Galicia é a tarefa principal e temos os vimbios a través do Consello Técnico de Atención Primaria de Galicia, onde 250 persoas, en 15 Comisións Sectoriais, traballaron arreo e teñen os instrumentos para construír a Sanidade Galega do futuro… e por consenso.

A día de hoxe, cando estou facendo este artigo, 12 de abril de 2020, vexo que o Sr. Feijoo e a Sra. Díaz Ayuso seguen pedindo ao goberno de Madrid: Equipos de Protección Individual (EPIs), pois din que elxs non teñen suficientes. Tamén leo que Esperanza Aguirre deu positivo en Coronavirus e está internada nun Hospital Público!! En Galicia, 27 días despois de declarar a Emerxencia Sanitaria, non estamos preparadxs para ela. En que mans estamos? Podemos fiarnos das nosas autoridades neste momento de crise? Se foron capaces de desmantelar o Sistema Sanitario Público, de que non serán capaces?

O balance é: no estado español, o número de casos confirmados: 161.852 e o de falecidos: 16.353. Sanitarios afectados 21.000 e mortos 23 (varios profesionais de Atención Primaria). Entre eles, unha enfermeira vasca de 52 anos, a primeira vítima sanitaria do COVID-19. A situación no mundo: EE.UU. supera xa a Italia, e esta a China, en número de mortos. Galicia: 5.747 casos e 349 falecidxs (o 45% en residencias... que xa faleremos de eso en outro momento). As persoas hospitalizadas ascenden a 716, 143 delas na UCI.

A iniciativa privada tamén sae á palestra: Inditex, hoteis, hospitais privados, etc. poñen a disposición das autoridades sanitarias do estado español os seus recursos. Quere isto dicir que se non o fixeran estes "altruístas", deixariamos de poder solucionar os problemas que ten a poboación, pois o estado non podería resolver as situacións sanitarias que se vaian presentando? Que estado é este, que fía a solución da súa Emerxencia Sanitaria a organismos externos "xenerosxs, caritativxs, desinteresadxs, filántropxs".

Solicitar a dimisión dxs responsables do desmantelamento da Atención Primaria, da demora nas Listas de Agarda, da falta de persoal en tódalas categorías, da falta de participación cidadá nos Consellos de Saúde de Área (suprimidos tamén polo PP), etc. é un exercicio baladí, pois as urnas encargaranse de facelo (recordemos o de Verín, as mortes por non chegar as ambulancias, morbilidade e mortalidade por culpa dos recortes, etc.).

Pero temos un responsable máximo da desfeita na Sanidade Pública Galega, o sr. Feijoo e a súa nefasta política sanitaria (xa de cando era o discípulo avantaxado de Romay Becaría e o seu experimento fallido das Fundacións) e cando foi o nefasto Director do INSALUD. Unha política sanitaria en Galicia que non pode ir moi ben a nivel público, cando o Sr. Fernández Albor, fundador dos hospitais privados de Compostela, foi presidente da Xunta e a sra. Rocío Mosquera, que foi conselleira de Sanidade (cesada) fora antes directora do hospital privado máis importante de Santiago.

A saúde é o ben máis prezado que temos. En casos de Emerxencia Sanitaria xs profesionais aí están, ao pé do canón, pese aos responsables da xestión, que esperemos non continúen nos seus postos máis logo que tarde. Vainos o futuro, noso e o dxs nosxs fillxs!

Manifestación en Compostela o pasado 9 de febreiro

Hórreos de Cando (I)

Xoán X. Mariño

Entre os anos 2000 e 2003, por iniciativa de Pilar Sampedro, entón directora do IES Poeta Añón e co financiamento e axuda loxística do Concello, levouse a cabo un inventario da arquitectura popular de Outes que viña completa-la catalogación do patrimonio histórico-artístico que de 1996 a 1998 realizou quen isto subscribe por encargo do daquela alcalde Carlos L. Crespo. O motivo principal que nos impulsou a todas estas persoas a aborda-lo labor, de xeito inaprazábel, era cuantificar e coñecer tódolos bens do noso patrimonio cultural que debían ser conservados a fin de preservalos para xeracións futuras.

A tarefa de cataloga-la arquitectura popular foi realizada por un equipo composto por Xosé M. Vázquez, "*Xastre*"; Xan García e eu mesmo, como coordinador. Pero tamén contou coa colaboración de Carme Martelo, en San Lourenzo; Xacinto Cambeiro, en Valadares; a propia Pili Sampedro, en Cando; e outras persoas, máis esporadicamente, como Soledad Agra, na Poza; Manuel Lema, en Cabanamoura e Oroña; Manolo Martínez, en Vara e Serantes; Manolo González, en Viro e Rates; Juan "*Xallas",* en Banzas; José M. Martínez Beiro, en Lantarou; e Xoán Domingos Caamaño, nos muíños de Roo e Santo Ourente.

Mais este labor foi precedido dun intenso traballo de pescuda de hórreos, muíños, fontes e pombais, ademais de reloxos de sol, ó longo e ancho de todo o concello por parte de diferentes grupos de alumnos e alumnas do instituto que se ofreceron voluntariamente para tal efecto (máis dun cento en total). Recolleron esas mozas e mozos voluntarios máis de 1100 fichas de hórreos en todo Outes, rigorosamente ordenadas por parroquias e lugares; case 180 de muíños, así mesmo clasificados por parroquias; igual que as 117 fontes, 32 pombais e 18 reloxos de sol existentes no noso termo municipal.

O grupo ó cal lle correspondeu percorrer Cando na procura de todos estes elementos estivo formado polos seguintes estudantes de 3.º e 4.º da ESO do curso 1999-2000: Fátima Prego, M.ª Tonetti Ferrer, Diana Piñeiro, Juan R. Ramos, Pablo Baña, Natalia Godón, Alicia Trillo, Abel Tomé, Noelia Silva e Vanessa Tomé, coordinados por Nieves Blanco, que realizaron un fantástico traballo de campo previo ó noso, que se desenvolveu no ano seguinte.

Catalogáronse no proceso 120 hórreos tradicionais na parroquia de Cando, dos cales 32 eran de pedra, 3 de madeira e, os 85 restantes, mixtos.[1]

1. Os hórreos de pedra

O número de hórreos de pedra non parece moi grande, comparado cos 111 de Valadares, os 96 de Santo Ourente, os 70 do Freixo ou os 50 de Outes, pero si é moito maior ca os 5 de Tarás, os 2 de Entíns, os 3 de San Cosme, os 10 de Roo e os 17 de San Lourenzo. O que resulta máis sorprendente é a gran cantidade dos construídos con elaborada cantaría en comparación co resto das parroquias: en Cando son 29, en cambio en Valadares a maioría son de cachotaría (pedra pequena e irregular colocada desordenadamente) e perpiaños (pedra máis grande e regular, pero sen desbastar totalmente) e só 7 de cantaría; en Santo Ourente son 68 os de cachotaría e só 8 de boa cantaría; en Roo hai 6 e menos aínda en Tarás (3), San Cosme (3), Entíns (2) e San Lourenzo (2). En San Pedro de Outes hai un número de hórreos de cantaría que se lle aproxima (28) e unicamente O Freixo posúe unha cantidade superior, 44, circunstancia explicábel pola súa máis grande extensión e maior número de núcleos de poboación, moitos deles nas partes altas de Outes, onde, coma en Valadares ou Santo Ourente, as condicións climáticas arruínan os hórreos que teñan madeira nas paredes. Mentres que a gran cantidade de hórreos destas características en Cando se explica polo elevado número de bos canteiros que dende sempre houbo nesta parroquia, como José de Martiño ou Antonio Blanco, e que deberon difundir por fóra dela un tipo peculiar de hórreo, moi abundante aquí: aquel que continúa polas paredes penais as cornixas sobre as cales pousa o teito nas costais, conformando así unha especie de frontón que enmarca os pinches destas paredes cun acusado efecto plástico (ver foto 1). Así, é posíbel que saísen da man de canteiros candexos o hórreo de Tarás que hai con estas características, os tres ou catro de Santo Ourente e os 4 ou 5 de Valadares. Non hai

Foto 1. Hórreo de Ramona Campos. Cando

en calquera das outras parroquias ningún máis.

a. Hórreos de cantaría

Hai, como dixemos, 32 hórreos de pedra en Cando, dos cales 29 son de cantaría; a maioría (18) encóntrase no propio lugar de Cando. Para dicilo con máis precisión, en Cando de Arriba están case todos, pois só catro deles se achan en Cando de Abaixo.

Aínda que, ó contrario ca os mixtos, carecen de columnas nas paredes que articulen os diferentes tramos, son os soportes os que marcan a divisoria. E utilizando este criterio, temos un hórreo dun só tramo, 17 de dous tramos, 9 de tres tramos e dous de catro tramos.

- Polo tanto, o maior número destes hórreos de cantaría son de dous tramos. Miden estes entre catro e seis metros e medio de longo; entre tres e catro metros e medio de alto[2], e entre un metro e trinta cm e dous metros de ancho. Pero a maioría (13 dos 17) teñen entre 4.5 e 5 m de longo, entre 3.7 e 4 m de alto e entre 1.3 e 1.5 m de ancho. Os seus soportes son, en dez dos casos, tres cepas (pequenos muros transversais) de pedra coma as que ten o *hórreo do Cabirto* (foto 2), xeralmente con tornarratos continuo e a cara superior biselada, salvo

Foto 2. Hórreo de Manuel Fdez. *O Cabirto* **. Filgueiro**

no lugar onde vai a porta, que se converte nunha plataforma rectangular para facilita-lo acceso á cámara. Igual sucede cos hórreos que teñen pés, normalmente oitavados, como soportes: os seus tornarratos adoitan ser moas circulares, pero onde vai a porta alí substitúense por capas rectangulares que fan máis doado subir á cámara. Un caso curioso é o de María Blanco, no cal esta plataforma é tan ampla que sobresae do plano do hórreo (foto 3). Finalmente hai tamén un hórreo con celeiro, isto é, cun muro que cerra toda a parte inferior para lle dar outros usos ó espazo situado baixo a cámara, normalmente de galiñeiro.

Foto 3. Hórreo de M. Blanco

As súas cámaras, de pedra ben labrada, presentan fiadas ordenadas de pedras de cantaría separadas por fendas de ventilación dispostas en tres columnas de 9 ou 10 rañuras cada unha, na parte en que vai a porta e catro columnas co mesmo número de rañuras no lado contrario, mentres que nos penais vai unha única ringleira de rañuras en cada un. Na parte superior, a cornixa moldurada na cal pousa o teito rodea o hórreo por tódolos lados, dando lugar, xunto coas sobrepenas, a uns singulares frontóns nas paredes penais (aínda que non en tódolos casos), tan característicos deste tipo de construcións en Cando.

O teito, sempre a dúas augas, cóbrese con tella curva do país, ou plana. E decórase con artísticos remates no alto de cada pinche; xeralmente pináculos piramidais sobre unha sucesión de pedestal e molduras cóncavas e convexas superpostas; a veces algún dos pináculos é substituído por unha cruz.

- Os hórreos de tres tramos son 9. Tres deles está en Cando de Arriba, dous en Cando de Abaixo (ver foto 4) e o resto repártense entre Cuns, Pumar, Vilar e Insua. Miden entre 5.30 e 7.30 m de longo; entre 3.4 e 4.35 m de alto e entre 1.33 e 1.92 m de ancho. Pero a maioría (6 dos 9) ten entre 5.6 e 6.7 m de longo; máis de 3.7 m de alto e, coma os de dous tramos, entre 1.3 e 1.5 m de ancho.

Os seus soportes xa non son maioritariamente cepas, senón pés oitavados con moas circulares e a cara superior curva, salvo na parte na que vai a porta, en que, coma no caso do grupo anterior, se converten en tornarratos rectangular para subir á cámara.

As paredes son coma nos anteriores casos, pero cun maior número de fendas: cinco columnas no lado onde se abre a porta e seis no lado oposto, entre os cales os penais son similares, igual ca a cubrición e os remates.

Foto 4. Hórreo de Victoria Puente.Cando

- Os hórreos de catro tramos son só dous: un está na Toxeira e outro en Cando de Abaixo (ver foto 5); son semellantes ós anteriores, pero con maior lonxitude, pois un supera os 8.30 m e o outro chega case ós nove.

b. Hórreos perpiaños

Estes hórreos están construídos, igual ca os anteriores, con boa cantaría nos soportes (pés e tornarratos), pinches, cornixas, sobrepenas e incluso as grades

foto 5.Hórreo de Isabel Priegue. Cando

nas cales asenta a cámara, pero esta xa está conformada por pedras de regular tamaño, sen pulir e case sen desbastar, deixando pequenas aberturas de ventilación entre elas. Son só tres: un de pequeno tamaño e un único tramo, en Cando de Abaixo; outro de dous tramos, en Cando de Arriba; e o terceiro, de maior tamaño (8.38 m de longo) e 5 tramos, en Cuns (foto 6), que ademais é o único dos feitos en pedra que posúe dúas portas, ambas no costado oriental.

Foto 6.Hórreo de Soledad. Cuns

---

[1] Os demais elementos da arquitectura popular inventariados (muíños, fontes, pombais e reloxos de sol) quedan para outros futuros artigos nestas páxinas.
[2] Sen contar os remates.
[3] En Cuns, onde se encontra, chámanlle 'paneira'.
[4] En Cando non hai ningún caso, ao contrario que en Valadares, de teitos de pedra.

Entrevista a...
Manel Monteagudo

Manel Monteagudo naceu en 1957 en Cando, fillo de nai labrega e pai canteiro. Mariñeiro de profesión, saltou ás páxinas dos diarios galegos logo de recuperar o sentido tras pasar 35 anos en estado vexetativo como consecuencia dun grave accidente sufrido no barco alemán no que traballaba. Agora é escritor.

Fálanos dos teus primeiros anos
Eu nacín no Rueiro das Flores, no lugar de Cando, no seo da *casa do Conde*, unha familia de labregos relativamente ben acomodados, cunha chea de vacas na corte cando eu era pequeno e que mataba ata tres porcos no ano. Mais meu pai era canteiro e amolábao labra-las terras despois de duras xornadas traballando a pedra, así que mercou unha casa no Curral de Orro, na parroquia de Santa Cristina (Noia), e para alá nos fomos cando eu aínda non tiña os tres anos, para el se dedicar exclusivamente á súa profesión.

E deseguido empezaches a traballar ti tamén
Un accidente cun explosivo na canteira deixou ferido o meu pai e xa non puido traballar coma antes, e iso fixo que eu tivese que busca-la forma de traer cartos á casa. Así que embarquei en canto fixen os 14 anos. Fíxeno como engraxador nun barco conxelador de Vigo que ía pescar á Suráfrica. Xa na primeira viaxe, un fallo do motor causoume unha queimadura que me esfolou medio corpo, o cal, xunto co maltrato ó cal me sometía o *caldereta* e o escaso soldo, fixo que deixase a compañía. Con 15 anos marchei a Barcelona para embarcar nun mercante, no cal traballei dous anos navegando por tódolos mares.

Mais logo marchaches para a Alemaña, non?
Así foi. O máximo que me pagaban era 8000 pesetas mensuais, polo cal me decidín a marchar a Hamburgo, en 1974, tamén como engraxador, noutro mercante alemán. A miña primeira paga, para o meu asombro, foron 360 000 pesetas, que naquela época era unha grandísima fortuna. Con aquel salario, ademais de arranxa-la casa do meu pai e da miña nai, puiden estudar electricidade e electrónica naval por correspondencia nun centro de ensino catalán. Nunha desas viaxes coñecín a Maxi Olariaga, quen, antes de ser procurador en Noia, traballou como camareiro no meu barco unha tempada e non ía a ningures sen a súa guitarra ó lombo. Nas vacacións comecei a saír con quen agora é a miña muller e tamén entrei en contactos coa UPG de Bautista Álvarez e Méndez Ferrín en Vigo. Pero ós 20 anos tiven que regresar da Alemaña para cumpri-lo servizo militar, que finalicei en 1978, tralo cal volvín para alá, pero xa como oficial electricista e cun salario aínda maior.

Nese momento tivo lugar un acontecemento decisivo na túa vida. Cóntanos como foi
En 1979 viaxamos ó golfo Pérsico con coches cisterna para o exército iraquí e en Basora, intentando reparar uns focos rotos, caín dentro da bodega, dende unha altura de seis metros, e golpeeime fatalmente na cabeza, de resultas do cal ingresei no hospital en coma total, sen recibir máis tratamento ca a alimentación por sonda. Ó cabo de tres meses recuperei o coñecemento, pero debín ficar aínda

dous meses máis no Iraq porque os danos cerebrais eran tan graves que non podía falar nin camiñar, nin moito menos valerme por min mesmo. En xuño a consignataria, a través do consulado dos Estados Unidos, conseguiu o meu traslado ó sanatorio Modelo da Coruña, no cal estiven ingresado 16 meses. O coágulo que se me formou no cerebro impedíame facer moitas cousas, entre elas ler e escribir ou moverme sen axuda da xente e ocasionábame constantes desmaios .

Despois, que pasou?
En 1981 volvín para Orro, onde pasei 14 meses máis encamado, nun estado semicatatónico, ata que, nun momento de lucidez, casei coa miña moza, quen deixara os seus estudos de Maxisterio para facer Enfermaría, a fin de me proporcionar mellores coidados, e funme vivir a Vigo, porque alí tiña ela a súa praza de enfermeira. Co tempo fun recuperando a mobilidade e a fala, pero só episodicamente, pois os esvaecementos seguíanme provocando frecuentes estados de inconsciencia que se podían prolongar durante días e, o que é peor, perda total de memoria. Atopábame coma nun burato negro do cal non podía saír.

E como saíches del?
Foi 35 anos despois do accidente, grazas a que o neurólogo que me trataba se xubilou e a que o novo médico me retirou toda a medicación (11 pastillas diarias) que me mantiña máis atordado do que xa me deixara o golpe. Así, en 2014, o novo tratamento permitiume recupera-la autonomía, a fala fluída e a memoria. Uns meses despois deume a alta e dende ese momento volvín ler e escribir, ó cal me tivo que ensinar de novo a miña muller.

Diríase que renaciches
Efectivamente, ata ese momento pódese dicir que estaba máis morto ca vivo e dende entón son quen de ir e vir, tomar decisións por min mesmo; e descubrín ademais un mundo novo e asombroso: teléfonos móbiles, televisores con mando á distancia e numerosas canles, unha moeda diferente, ordenadores… Tamén recobrei a amizade de Ferrín e Maxi Olariaga; da súa man empecei a ir a actos culturais e neles coñecín o escritor Riveiro Coello e, a través del, a Xosé Luís Axeitos, quen era secretario da Real Academia Galega, e despois outros moitos. Pero sobre todo atopeime cunha xenerosa cantidade de tempo libre que decidín ocupar en escribir. Antes a miña paixón era o mar, agora é escribir.

Espertaches ti e contigo espertou un escritor.
Como por efecto do mesmo milagre, pois antes do accidente non me daba por aí, comecei a escribir freneticamente, ás veces, sen decatarme, ata altas horas da madrugada, ata o punto de que a miúdo ten que vir a miña muller levarme para a cama.

A produción literaria

E de que escribes?
Ao primeiro sobre as cousas que máis me chamaban a atención logo de espertar do estado vexetativo no que me atopei durante trinta e cinco anos e despois versos que dediquei á miña familia. Os textos atopounos a miña filla e publicounos en forma de autoedición, como agasallo de Nadal, para a miña sorpresa, co título de *Reflexións poéticas*, en 2015. Despois eran as novas de prensa sobre as inxustizas no mundo a materia dos meus poemas: a violencia contra as mulleres, a trata de brancas, a explotación infantil, os abusos dos poderosos ou o maltrato aos inmigrantes, un tema este que non logro comprender, sendo, como aínda somos galegos e españois, emigrantes por todo o mundo.

Como chegaches a publicalo?
O material que fun escribindo púxeno en coñecemento dunha amiga que llos transmitiu a Milagros Rubio, a cal ten un programa na radio *Santboi* de Barcelona que retransmite poesía a Latinoamérica e pediume textos, sen importarlle que estivesen en galego, ou quizais precisamente por iso. Finalmente os poemas que reunín durante dous anos decidín presentarllos á editorial Galaxia, que rexeitou publicalos, pero en xullo de 2018, a editorial "Vivelibro", que viña seguindo as entrevistas radiofónicas que me facían naquela emisora, chamoume para editar o meu material poético. Mandeilles un cento de poesías, pero pedíronme outras tantas e escribín unhas trescentas máis que lles mandei para que escollesen, pero decidiron publicalas todas no 2019 co título de *Camiño á lagoa dos bardos*, que presentei o pasado 20 de Nadal na librería Cartabón de Vigo, xunto con Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de poesía infantil e xuvenil.

E tes xa máis material para publicar?
Si, si. Xa teño material para un novo libro que vai saír o próximo ano cun título relacionado cos trobadores,de temática amorosa, que esta vez vai editar Galaxia e estou escribindo máis para outro libro evocando os xograres medievais, que completará a triloxía.

Concepción Arenal, unha galega universal

Pilar Sampedro

Corría o século XIX, cando nunha esquina de Europa -un país cunha lingua propia relegada á expresión oral e ás clases populares- naceron varias mulleres que sorprenderon o mundo.
Por orde de aparición eran **Juana de Vega** (condesa de Espoz y Mina), Concepción Arenal, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán (tamén co título de condesa).
A primeira delas foi unha muller instruída, casada cun xeneral e mariscal de campo que se distinguiu na guerra de Independencia contra os franceses; o seu salón foi punto de reunión da sociedade liberal coruñesa e das persoas relevantes que pasaban pola cidade; desempeñou o cargo de aia da futura raíña Isabel II e da súa irmá a infanta Luísa Fernanda e foi ademais Camareira Maior, escribindo nesta época a *Historia Interior de Palacio*. Escribiu tamén as memorias do seu home en cinco volumes co título: *Memorias del General Francisco Espoz y Mina*. Cando as epidemias de peste e cólera de 1853 e 1854 na Coruña, o alcalde Juan Flórez pediulle que, como presidenta da Asociación de Señoras, se fixese cargo da dirección e mantemento do hospital e hospicio. O Presidente do Consello de Ministros, xeneral Espartero, ofrécelle o título de Duquesa da Caridade con Grandeza de España e a raíña noméaa viceprotectora dos establecementos de Beneficencia da Coruña. Foi en 1868 cando coincide con **Concepción Arenal** nas peticións de indulto para os condenados a morte e funda, con ela, un padroado de señoras para a visita e educación dos presos.

Retrato de Concepción Arenal

Rosalía de Castro é a única das catro que utiliza o galego e nos entrega unha obra literaria de referencia para os tempos vindeiros. Unha escritora enmarcada no romanticismo, con obra en prosa pero sobre todo en verso. É a gran poeta do Rexurdimento xunto con Curros e Pondal. Recibiu formación musical, artística e literaria, participa nas actividades do Liceo de la Juventud, onde coincide cos participantes do Banquete de Conxo: Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre. Casa co historiador e primeiro presidente da Real Academia Galega, Manuel Murguía. En 1863 publica *Cantares gallegos,* convertendo o galego en lingua literaria despois dos Séculos Escuros e inaugurando unha corrente de poesía cívica. Cen anos máis tarde, en 1963, comeza a celebrarse o Día das Letras Galegas lembrando ese 17 de maio no que se publica o seu libro. Foi tal a súa pegada que cada 24 de febreiro, para lembrar o seu nacemento, recoméndase agasallar un libro en galego e unha flor.
Emilia Pardo Bazán considérase con Concepción Arenal precursora do feminismo pola denuncia que fai da discriminación da muller e pola defensa -en primeira persoa- dos seus dereitos e liberdades. Dona do pazo de Meirás, foi escritora en lingua castelá, intelectual, xornalista, crítica literaria e narradora, trunfando na literatura española dentro do movemento naturalista. A dureza da existencia, que describe nas súas obras retratando ao proletariado dunha fábrica de tabacos ou a vida da aldea, pode lerse en *Cuentos de Marineda*, *La tribuna*, *Los pazos de Ulloa*, *La madre Naturaleza*… Ela foi a primeira muller en presidir a Sección de Literatura no Ateneo de Madrid, a primeira nomeada Conselleira de Instrución Pública e a primeira muller catedrática de Literatura Contemporánea de Linguas Neolatinas da Universidad Central de Madrid. Participa na creación da Real Academia Galega, á que a familia vai doar a súa casa da Coruña para sede da mesma. Diferénciase de Arenal e Juana de Vega na liberdade coa que se move, sen atender aos límites que a sociedade marcaba para as mulleres.
Catro mulleres, catro galegas que sorprenden a historia de España e a súa literatura expandindo a súa influencia moito máis alá dos Pirineos.
Feito o contexto, imos centrarnos na autora da que este ano celebramos os douscentos anos do seu nacemento, **Concepción Arenal**. Hai veces nas que a pesar de que a historia se empeñe en ocultar as mulleres ilustres que a percorren, non o dá conseguido. Isto ocorreu con Concepción Arenal; foi tan grande a súa pegada (en Galicia, por exemplo) que a pesar de ter nacido en Ferrol, vivir na Coruña e Pontevedra, e morrer en Vigo… Ourense dedicoulle un monumento impresionante, Lugo un busto na praza da Constitución, Santiago ademais dun busto doulle o seu nome a unha rúa, un centro médico e unha das bibliotecas da USC, coñecida popularmente como A Conchi. Ela viviu en Galicia ao comezo da súa vida e na madurez, na súa biografía aparece tomando as augas no balneario de Lugo, traballando na Coruña e ao final dos seus días acompañando a un dos seus fillos que traballa en Pontevedra e Vigo. Legou os seus papeis ao Museo de Pontevedra e ao mosteiro de Poio; aí están inéditos os seus primeiros textos de creación: a poesía, teatro e narrativa.
Filla dun militar liberal, retirado do servizo polas forzas

reaccionarias, queda orfa moi nova. Fóra de Galicia vive en Cantabria e Madrid, sendo aquí, na capital, onde se disfraza de home para poder asistir á universidade e realizar estudos de Dereito. Perderá máis pronto ao seu home, a unha filla bebé e a outro fillo militar, pero a relación co fillo que lle queda, Fernando, é inmellorable.

Era difícil escribir nese tempo, Rosalía dedícalle *Cantares Gallegos* a Fernán Caballero (pseudónimo de Cecilia Bölh de Faber y Larrea): "Señora, por ser mujer y autora (…)".

Pois ben, Concepción Arenal escribía ensaio, algo case inapropiado para unha muller; redactar manuais ou monografía é falar do que pensan, dicir como deben ser as cousas, iso, resulta case indecoroso, onde tal se veu que unha muller veña opinar sobre o discorrer da sociedade? Así de difícil debeu ser sacar adiante a súa obra!

Foi unha muller adiantada ao seu tempo que traballou a favor dos que estaban (e están) nas marxes: presos e presas, pobres, mulleres, orfos e maiores; intervindo na reforma de cárceres, asilos e orfanatos. Reflexionou sobre as grandes cuestión do seu tempo, escribiu acerca delas e actuou, poñendo en práctica o que pensaba ao respecto, sempre que lle foi posible. O seu valor intelectual é innegable, ata o punto de que sen saír do país as súas teorías se tiveran en conta nos grandes congresos internacionais e se notou a súa influencia no pensamento e a lexislación máis alá das nosas fronteiras. Por todo isto foi considerada a gran pensadora do século XIX. Pensadora e activista, pioneira do traballo social, visitadora de prisións, defensora da educación para todos pero especialmente para as mulleres e os colectivos desfavorecidos, colaboradora dos círculos krausistas, especialmente con Giner de los Ríos e a súa Institución Libre de Enseñanza. Concepción Arenal é unha escritora e xornalista que sofre en propia pel os avatares do tempo no que vive. Ela quixo cambiar o mundo, algo reservado aos homes, por iso, aínda formando parte da Junta Directiva del Ateneo de Señoras, onde se encarga de escribir as Reseñas ás Dominicales (conferencias sobre a muller), nunca foi convidada a ditar unha conferencia nesa organización. Tampouco lle foi permitida a participación, como membro, na Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, aínda tendo ganado tres premios, por eles convocados, e ser apoiada por Pardo Bazán.



Estatua de Concepcion Arenal. Ourense. O pedestal, obra do artista Parada Justel perdeuse no traslado do ano 1969

Ela e Juana de Vega teñen unha importancia fundamental na constitución e primeiro desenvolvemento da sociedade civil en España. Traballan no seu fomento para facela responsable dos seus deberes e activa coas súas obrigas. Concepción Arenal busca transformar a caridade da Igrexa en filantropía da que se faga cargo a sociedade civil, porque a onde as institucións públicas ou o Estado non chega (ou non pode chegar) estima que é forzoso que o faga a cidadanía. Considérase que ela é a primeira defensora dos Dereitos Humanos no país, traballando na creación dunha opinión pública que loita polo ben común, polos dereitos sociais.

Ás veces, o pensamento sintetízase nalgunhas frases que actúan como pedras que caen nunha lagoa; poderiamos compartir algunha delas como exemplo: "Todo acto humano, norma ou institución, debe ser xulgado segundo a súa utilidade, isto é, segundo a felicidade ou o sufrimento que produce nas persoas", "Odia o delito e compadece ao delincuente", "A civilización sempre é máis cara que a barbarie, pero infinitamente máis produtiva"...

A pesar de ser muller, a pesar dos veos e muros de invisibilidade, destes 200 anos, seguiu estando entre nós. A pegada das súas ideas acompañounos, o seu nome mantívose no aire. En Compostela, a escultura que a representa andou a tombos pola cidade; seica pasou da alameda a San Domingos de Bonaval cando a guerra civil, de aí a un humilde xardín na Costa Vella onde case quedaba oculto detrás dos colectores do lixo e agora, a partir do día no que se cumpren douscentos anos do seu nacemento, colocouse no xardín labiríntico que mira a Falcona, a antiga cárcere pola que pasou Camilo Díaz Baliño e na que retratou os seus compañeiros antes de que o sacasen para "pasealo" os golpistas. Alí quedou Concepción Arenal, para lembrarnos que, aínda nos peores tempos e nas condicións máis adversas, hai que loitar por mellorar a civilización.

Ela sempre estivo presente a pesar do silencio que envolveu a todas as mulleres que coma ela quixeron nomear o mundo e cambialo. E ha de seguir estándoo, porque as mulleres debemos agradecer a quen nos dignificou e legou a liberdade, a quen abriu camiños e fiestras que nos posibilitaron chegar a onde estamos hoxe, por iso a definimos como feminista. Feminista, si, nai de todas as mulleres que viñeron despois ocupar o lugar da filla morta.

Rematamos con cine. A produtora Zaza Ceballos retoma a vida de Concepción Arenal na película *Concepción Arenal, a visitadora de cárceres*. Non só se centra nela, senón que recrea a vida das outras tres mulleres galegas do XIX nas películas *Juana de Vega, Vizcondesa do arado*; *Emilia Pardo Bazán, a condesa rebelde* e *Contou Rosalía.* Outra muller galega dando exemplo!

E a pregunta queda pairando no aire: por que seguimos a pensar que o país, a súa lingua e as súas mulleres non son abandeiradas?

Reflexión. A forza das silenciadas: mulleres maltratadas

Sara Outeiral

Logo destes anos de loita feminista debemos analiza-los triunfos, os avances e os erros.

O que é evidente é que fomos moitas as mulleres que berramos nas rúas que o queriamos todo, baixo unha consigna clara: "Tódolos dereitos son nosos!"

Con estas palabras o que quero é dignifica-las mulleres silenciadas que (moitas durante o pulo dado polas súas compañeiras nestas xornadas) atoparon a ferramenta necesaria para seguiren adiante. Compañeiras, conseguirémo-la emancipación colectivamente.

Non son un caso illado nin un referente para ninguén, mais podo analizar convosco os acertos e os erros para, así, axudar máis mulleres, esas silenciadas.

Movemento feminista en Galicia

Fun unha muller maltratada física e psicoloxicamente, unha muller silenciada que, por tódalas trabas que o patriarcado e o capitalismo nos impón socialmente e xuridicamente, non foi quen de dar pasos adiante con certa rapidez e audacia. Pasou un ano ata que, psicoloxicamente, logo da axuda de especialistas e amizades, conseguín da-lo paso e denuncia-lo maltratador. Non foi unha decisión doada, nunca o é, menos cando socialmente, seguramente, moitas persoas non te crean ou te xulguen; hai que obviar iso. O correcto é que se co meu caso non se fai xustiza, poida facerse dunha forma máis doada se volver ocorrer. Non o fixen por min; o impulso deumo a posibilidade dunha nova vítima.

Como dixen, nunca é doado toma-la decisión, e menos cando te consideras unha muller politizada e entregada ó mundo do activismo feminista. Como non me decatei? Compañeiras, non é culpa vosa, pódelle pasar a calquera. Cómpre dar pasos adiante para visibilizar que non debes avergoñarte e que poidas percorre-lo camiño que precises para te recuperares.

Cada caso é diferente: no meu, o denunciado é un personaxe público que, ademais, co xuízo en marcha entrou no Goberno do Concello de Vilalba. Isto complica máis o proceso e as consecuencias para unha muller que milita politicamente nunha sociedade patriarcalizada. Ata nos espazos denominados feministas loitas con esta lacra e sendo consciente de queseguramente ti quedes "marcada". Entón, o que é o correcto? Deixalo pasar, ou enfrontarte á situación?

Debido a que o demandado entrou no Goberno en pleno proceso xudicial, situación que me parece esperpéntica, nun partido denominado feminista, este modificou os seus estatutos para que o maltratador puidese encabeza-la lista da súa candidatura. No caso deste espazo, cunha denuncia non sería posíbel a súa proposta tal e como o tiñan acordado. Primeiro, ese espazo é consciente da situación e segue avante; segundo, os socios dese goberno tamén o son (xa antes do xuízo) e, de igual forma, sen impoñer ningunha clase de cláusula sobre o demandado, entran en negociacións e acaban formando unha coalición co maltratador. Estes dous partidos, "feministas", son os que teñen actualmente o poder de decisión cara ácidadanía desa vila.

Sinceramente, sinto unha gran "traizón" e decepción por parte de case todo o espazo político da esquerda "feminista", no cal eu tanto confiaba e traballaba. O principal é que esa imaxe impoluta que pretenden transmitir non se vexa manchada. Ademais, outro dato bastante preocupante é a incapacidade do movemento feminista para botar unha man ou ter vontade por axudar: existen casos de primeira e de segunda.

Outra traba, e non menos importante, é o sistema xudicial, a falta de educación en xénero por parte das e dos profesionais é alarmante. Xa non digamos se non es solvente economicamente: a diferenza de capital para unha boa defensa é determinante.

Durante todo o proceso xudicial dan ganas de se botar atrás, pero non o fagades; é un camiño amargo, pero debemos visibiliza-la situación do sistema e axudarnos unhas a outras en momentos coma este. Ou tes na túa man unha evidencia 100% clara ou esquece que crean as túas palabras e a penuria pola que pasaches e, por suposto, estás revivindo. De tódalas formas, non dubidaría en volver facelo. Debemos muda-lo sistema que nos xulga. Debemos seguir aspirando a un feminismo anticapitalista para o 99% e obviar ese feminismo liberal onde só o 1% das mulleres entraría nunha esfera de igualdade mentres o resto seguiría subordinado ó patriarcado.

Muller maltratada, muller marcada, muller impotente... Si, son todo iso. Estas características non farán que eu deixe de saír ás rúas para loitar convosco e, se conta-la miña experiencia axuda unha soa muller, xa quedo completamente satisfeita. O máis doado é que corra o tempo, mais non podemos caer nesa cova. Debémonos organizar e formar redes de apoio.

Con todo isto pido máis sororidade, casas da muller en tódolos concellos, axuda e asistencia con rapidez, educación en xénero para o sistema, maior investimento económico en violencia de xénero, franqueza dos partidos que se denominan feministas, compromiso real, cambios no sistema xudicial…

Irmás:ábrome por vosoutras, non me avergoño. Rematemos coa violencia machista.

"*Non serei unha muller libre mentres sigan existindo mulleres sometidas.*" ***Audre Lorde.***

ASÍ SI ...

Minipunto limpo, ben !! ... por algo se empeza

ASÍ NON ...

Árbore inclinada rozando o cable da luz.

ASÍ TAMPOUCO ...

Paseo fluvial si, mais no mantenemento cero *patatero !*

Tataratá!!, meu gaiteiro

Somos un concello único; explicámonos: de ter un tanatorio... con sentenza de derribo, feito con cartos europeos, é dicir, deberían estar máis que xustificados con papeis, oficiais e legais...! Se ninguén di nada, dálle para riba, meu! E claro, as consecuencias son as que son e aí estamos, pendentes da pa retro e descascallar que toca, mais gañan uns e perden os de sempre...

Pero referímonos máis ben a que pasamos dun -á parte do de Ceilán, que anda de capa caída- a logo ningún. E coa mesma dous… ou tres... Incrible!! O primeiro xa está feito, e, polo que podemos ler na prensa escrita, cunha inversión de 700.000 euros. Non o cren nin eles, pois con eses cartos faríanse catro, segundo din os entendidos.

En fin, e o último que está por vir, neste caso teñen intención de ubicalo, dende o Concello, no medio da vila, con vivendas cerquiña... Será para darlle máis vida aos bares da contorna… Terano como un aliciente para mover a precaria economía local. Non se entende nada... Noutros concellos limítanse a poñelos nas aforas, pois non haberá terreo suficiente, e aquí na Serra de Outes van e chántano no casco urbano... E dicimos dende o maxín de Lusco e Fusco... (pensando en alto, enténdase...): e se por unha casualidade hai un defunto no susodito inmoble funerario o día de San Pedro ou en San Cristovo... coa orquestra de quenda tocando a Macarena... Pero en que carallo andan pensando os do consistorio, a que espectáculo nos abocamos... Un pouquiño de sentidiño!, ou é que non se aprendeu nada do pasado cercano? Se cadra non!!

Un concello como o de Outes, con 100 km^2 de terreo e non ten onde ubicar sen molestar a súa xente, un tanatorio, dous ou unha ducia… É de risa. Será por terreos, ou é que todos teñen dono? A piscina municipal construírona fóra do núcleo, pois había un terreo moi adecuado, ou adecuado de máis, e alí a chantaron... E resulta que o tanatorio ben podería considerarse por esa zona, é un dicir... Pois non, queren plantalo no núcleo, onde lle queda moi a man a todo o mundo.

E os propietarios, é un dicir, os donos das leiras limítrofes, que pode que nalgún momento tiveran a idea de edificar unha vivenda para un fillo, un supoñer, tamén estarán de acordo co enclave fúnebre. Polo que se escoita na rúa, sería máis que discutible, e se non sempre queda a idea de poñelo en fronte ou ao lado dalgunhas das vivendas privadas dalgún que outro concelleiro ou mando da consistorial... Mais se cadra non lles gustaría a paraxe escollida... Ou si?... A saber por que.

Ah!, cambiando de tema, tamén nos fixeron chegar á redacción unhas queixas de máis dun cidadán que anda molesto co lixo que xeran os distintos postos cando hai mercado, algo que lles parece inaceptable, pois deberían deixar as rúas tan limpas como as encontraron. En fin... pouco a pouco!

Lusco e Fusco

Patria

O clamor desta paisaxe, mínima de compoñentes, afastada, sentida, da linguaxe que esperta, a ollada perdida e á vez nostálxica, metódica, velada, silenciosa e ordenada, trócase cavilante e atenta no seu ritmo misterioso... en perfecto acougo... Clásico en branco e negro...

Neste fotograma empapelado dános pé a comparar o solemne paso do tempo, coas melloras terreais, a evolución humana e paisaxística, pois aínda todo estaba por facer... dirían eles.

A comparativa actitude ao fin e ao cabo vén sendo a mesma, un pai co fillo da man,

de volta para a casa, de recados… Quen o sabe… Un decorrer, un espertar a un futuro, gris, distante, neboeiro, mais os soños e as esperanzas tiñan cabida nos tenues corazóns, arroupados por unha dor calada, cun horizonte emerxente ao lonxe, mais, todo iso, confiado a un mañá mellor. Só o tempo tiña as respostas mais daquela... Quen sabe!

Xastre

Apañando as patacas

Boel, 1971. Firmes e con afouteza, sorrintes, diante o seu trofeo. A colleita que se exhibe, rebosante á cámara, para inmortalizar o momento da fin da xornada. Rostros de alegría e satisfacción polo traballo. As nosas matriarcas, protagonistas unha vez máis da historia do noso rural, corpos para os que apenas houbo descanso. Nais que coidan fillos, vellos, casas… mulleres que preparan o almorzo e os xantares, as merendas e ceas… As que turraban do gando e sachaban as leiras, as que moían o gran e vendían nas feiras. Matriarcas dun tempo que non as mereceu. Lombos esgazados doutrora que aínda tiñan folgos para lucir un sorriso ao final da tarde, como se aí rematase a faena… Mulleres rexas da nosa terra, ás que se lles negou un soldo polos seus traballos, a pesar de facer das xornadas laborais a ledicia dos encontros, o momento do compartir.

A ilusión polo traballo común, por esa vida en grupo, que facilita o desenvolvemento da actividade conxunta para a satisfacción das necesidades, e na cal se crean as condicións para que aparezan as primeiras formas de traballo e de comunicación humana, que tal e como sinala Engels foron as que deron orixe ao ser humano. Este sentido de comunidade foi o que moveu ás xentes do rural a organizarse, a puxar todas do mesmo carro, a axudarse, a vincularse afectivamente entre si, e demostralo con accións. Ese espazo concreto e circunscrito tamén afogaba ás veces -pequenos espazos territoriais- onde o reduto estaba limitado a unha determinada área que viña marcada tamén polo escaso transporte e as comunicacións. A vida era en si mesma comunidade aos ollos de tódalas habitantes do grupo. Recaía sobre cada unha a responsabilidade das súas accións, e iso deixábao claro o grupo comunitario cada vez que alguén trataba de saltarse a "norma" social non escrita.

Anos 70 do pasado século, pouco podían imaxinar daquela como 50 anos despois, nos cambiaría a visión do mundo, dos espazos, da comunidade, do traballo… Apenas quedan exemplos dese traballo colaborativo porque xa non queda xente adicada ao agro, a esa economía de subsistencia. As persoas que agora habitan o rural están máis desvinculadas dos traballos conxuntos porque case non existen, así entendidos. Só casos illados, cando antes era o natural. As duras condicións dos traballos do sector primario fan que este non se vexa de xeito motivador, a pesar da maquinaria existente hoxe en día para sobrelevar estas tarefas. O auxe polo consumo de produtos de proximidade e con condicións máis respectuosas polo medio ambiente e a saúde das persoas debería ser un pulo para un sector que agardemos repunte e sexa tido en conta con políticas eficaces e serias, implicadas verdadeiramente na loita polo despoboamento do agro. Unha esperanza na creación de emprego e a consolidación dunha poboación a todas luces necesaria para o desenvolvemento e progreso tamén da sociedade urbana, unha sen a outra deixarían de existir. Ámbalas dúas son necesarias e retroaliméntanse.

Agroman novas formas de entender o rural, as aperturas son maiores en tódolos sentidos, cómpre agora impulsar con medidas eficaces certos aspectos que axudarían a empoderalo e con el, todo o seu enorme potencial. Só queda que, dunha vez por todas, se tomen serias medidas para atallar o despoboamento e revitalizar aos concellos pequenos e á súa veciñanza. É xa algo urxente e inaprazable articular propostas transversais, a través dunha rede de organismos público-privados, onde a implicación tería que pasar polo goberno autonómico, deputacións, empresas, universidades e concellos.

Os sinais de alarma xa soaron, só queda que alguén valente afronte a realidade, tome o mando e lle faga fronte… O tempo tiña as respostas mais daquela... Quen sabe!

Santiago Nieto

PESCADO

Cocochas de bacallau en salsa verde

INGREDIENTES PARA CATRO PERSOAS:
800 gr de cocochas frescas de bacallau.
Unha boa cabeza de allos.
Aceite de oliva virxe.
Un ramiño de perexil.

PREPARACIÓN:

Botamos o aceite nunha cazola de barro e os allos laminados, deixamos que se fagan un pouco e xa botamos as cocochas salpementadas. Movemos a cazola para que non se agarren e ó mesmo tempo solten a xelatina. En 8 minutos xa están feitas e poñemos o perexil picadiño por riba. Pódense acompañar con pataca cocida. Bo proveito!!

Receita de Berta Nieto

REPOSTERÍA

Torta de queixo ó forno e fría

INGREDIENTES:
200 g de Philadelphia
500 g de nata líquida
1 iogur natural
1 medida de fariña
1 medida de azucre
3 ovos

PREPARACIÓN:
Batemos nun bol o queixo Philadelphia, coa nata, o iogur, o azucre e a fariña. Remexemos todo ben e de último engadímoslle os ovos batidos e coados. Volvemos remexer toda a masa ata que quede ben uniforme e sen grumos.
Deseguido, onde imos verte-la mestura, untámo-lo recipiente con manteiga e enfariñamos toda a base para que non se pegue. Abreviamos se poñemos papel de cociña, moi práctico neste caso.
Enfornamos a 180 graos durante 50-60 min., botándolle unha ollada de cando en vez para controlar que non se queime. Pasar pola neveira unhas horas e, sen máis, degustar como sobremesa.

Receita de Xosé M. Vázquez

CONSTRUCIÓNS BLANCO
Traballos de Albanelería e Cantería
Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920
Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: *construcionsblanco.com*
facebook.com/construcionsblanco/

Árbore, o sitio do meu recreo
(ou de praza a torreiro)

Ramón Blanco

«o pouco que valo,
débollo a estar deitado n'os piñales,
deixando qu'a Natureza
entrase dentro de min»
Castelao
conferencia **"Arte e galeguismo"**
(A Coruña, 1919)

Disque Castelao lle fixo unha encarga en Buenos Aires a Otero Pedrayo, na despedida final: "O primeiro pino que encontres dáslle un bico". Leo unha versión da anécdota no blogue *Defende o monte Pituco*, nunha entrada que tamén recolle outra cita do rianxeiro: "Vale máis unha terra con árbores nos montes, que un Estado con ouro nos bancos". Como tiña que ser, o texto desa bitácora vén ilustrado coa fermosa augada "O neno das piñas", pintada por Castelao *ca*. 1926. A imaxe transmíteme e actívame moitas emocións, coñecina moito antes de saber quen era o autor porque unha reprodución decoraba o salón duns familiares meus. Castelao participaba da experiencia mística da natureza, na súa arte pictórica as árbores teñen a miúdo un aspecto totémico e, particularmente, a representación dos piñeiros pode lembrarnos as espirituais estampas xaponesas. Neste cadro un neno parece durmir agarrado ao piñeiro polo que gabeou, supostamente mentres apañaba piñas (tarefa común na rapazada doutrora). Hai quen ve na escena unha metáfora: a natureza como berce da alma humana (J. D. Díaz López). Daquela, non só D. Dinís nin Pondal tiñan unha sensibilidade predilecta cara aos piñeiros.

Mais eu quería falar hoxe de árbores caídas. De árbores cortadas. Como as aciñeiras e os carballos que cantou Rosalía en "Los Robles", cortados pola "fuerza homicida" para serviren como travesas do incipiente ferrocarril (así llo explicou Barreiro Fernández a Alonso Montero, e este a nós). Como o pinsapo (na lenda popular araucaria) de Trasalba ao que Otero Pedrayo se refería como "irmanciño" porque o plantara o pai cando el nacera, vencido por unha treboada en 1972, de cuxa madeira quixo o escritor que saísen as táboas que compuxeron o seu cadaleito. Historias de árbores que nos envolven e anegan. Como as que relata John Fowles en *The Tree*, cuxa edición española me regalou o meu amigo David Creus, pintor e poeta, coa maldición máis cariñosa que poida conter unha dedicatoria: "que che anegue coas súas ramas e florezas nesta primavera".

Mais eu quería facer hoxe un canto de cisne, un lamento pola desparición das árbores que hai (había) na praza diante do colexio da Serra (CEIP de Outes), substituídas pola que están a construír de pedra e cemento. Cando mo referiron estaba na vila e acababa de concertar unha charla sobre Nicolasa Añón para os grupos de educación infantil desa escola. Non sabía nada; como se di: estaba na póla. Entre a incredulidade e a angustia, fun ver o atentado na denominada, sen ironía, Praza de Galicia. Nos días seguintes, buscando o porqué, falei con xente do Concello, falei con xente do CEIP, falei con xente na rúa.

O neno das piñas, Castelao, Museo de Pontevedra

Souben que o anterior goberno (do PP) recibira unha subvención de 100.000 € da Xunta de Galicia para a construción de prazas duras e decidiuse facela diante do colexio. Por arte de maxia converteríase unha praza nun torreiro das festas, como fan en tantas vilas. Sitios onde poidan entrar sen esforzo os camións das orquestras. Non bastaba con ter unha pista adaptable a eventos na Praza do Bosque (tampouco aquí parece haber ironía no nome). As obras, directamente contratadas pola Xunta, comezaron en setembro. A nova corporación pretendía modificiar o proxecto, mais non considerou acertado renunciar á subvención. Os subsidios son trens que non pasan dúas veces e a administración adoita castigar as renuncias. Este é un dos motivos polos que o alcalde defende a continuidade das obras (cuxa segunda fase está prevista para maio): "se non, os 100.000 euros irían enriba do concello". O outro é a oportunidade de contar cos espazos urbanos públicos dos que carece Outes. Como solución final, seguindo o plan de Compromiso Outes, vaise deixar, ademais dun pequeno xardín, un par de árbores a cada lado do acceso á escola, que tamén estaba inicialmente comprometido, pois no proxecto orixinal, que non contemplaba máis ca pedra, cemento e pérgola (ningunha árbore), mesmo a entrada dos autobuses (ou dunha ambulancia, de ser o caso) quedaría impedida. Disque as árbores foron vendidas polo Concello, mais non sei a quen. Como triste *souvenir*, o colexio quedou cun par de paus das árbores mortas.

Podo asumir o argumento da inexistencia dunha praza urbana como tal, aínda que non alcance a verlle a necesidade; asumo tamén que as árbores estaban descoidadas, que talvez fosen demasiado grandes para unha praza tan pequena, mais había a opción menos drástica da poda. Agora pérdese sen remisión un espazo bonito, sentimental, que valía para xogar, para que os nenos gabeasen ás pólas. Mesmo se podía aproveitar máis

didacticamente. A carón dalgunhas árbores xa figuraba o nome, que llo puxeran os escolares do CEIP. Por que non seguir o modelo da cidade-xardín, como quererría Castelao? Por que nos deixamos seducir polas cidades dos arquitectos en vez de polas cidades dos nenos, como quererría Tonucci?

Teño xogado moito nese sitio que agora morre. Era o ansiado espazo onde agacharse fóra das paredes da escola. Agora vai ser un espazo na memoria triste, como aquel extinto túnel de ramas que era a entrada á vila, que xa só coñecín nas fotos en branco e negro, mais do que aínda se fala. Era o modelo dos tres cipreses de sinople que tentabamos reproducir ao pintarmos de nenos, nas aulas, o escudo do noso concello. Agora vai ser a vergonza de dicir que na escola aínda celebrabamos con ilusión o Día da Árbore facendo algunha simbólica plantación. Era o bosque habitado. Agora vai ser un ermo; mellor era que fose unha empresa pintoresca, como as exitosas cabaniñas do bosque, mais é un espazo público, que xa nunca máis será meu. Non volverá ser o sitio do meu recreo, por máis que eu siga agarrado a un tronco, como "O neno das piñas", estando na póla, sen querer baixar, como o Barón Rampante.

Xa que a natureza é expulsada do espazo urbano, agardemos sequera que se comece a respectar no hábitat salvaxe, que accións como as desenvolvidas pola Sociedade de Montes Sostibles de Cuns (Somos Cuns) non sexan meros coidados paliativos (do monte e da nosa conciencia). Talvez así non fará falta repetir a consigna que lin no blogue *Defende o monte Pituco*: "Se a obra de Castelao fose máis lida e aplicada, talvez non se cometeran tantas falcatruadas".

O malfeito a medio facer

MICRORELATOS

Unha gota de suor fría esvaraba lixeira pola miña esbrancuxada pel, chea de pequenas pencas ata no máis agochado recuncho do meu corpo, coma pequenas pintas de café no cu dun vaso no que xa non queda ren do que beberas. Miraba para ela e só vía o mar dos seus ollos azuis, os que cada noite aparecían nos meus soños disfrazados do ceo claro dunha tarde de verán na que gozaba ao meu carón dos últimos raios de sol. Pero fuxiches. Deixáchesme aquí, cavilando. Recordando o que fomos e deixamos de ser. Sentado aínda no noso banco dende aquel día, ollando minuto a minuto como a nosa pintada se borraba coa chuvia, só. Quíxente querer, Paula, mais non souben. Porque diso temos visións distintas. Os celos son amor, Paula, non o entendes. Ao ver as túas mans, cheas de aneis e coas unllas sempre pintadas de branco, acariñar a cabeza daquel coma se fose a miña, non puiden. Non fun quen de conterme e por iso o fixen, mais non o quixen facer. Non hai día que non lembre os teus ollos tristes, decepcionados e con medo. Sempre o dixo todo o teu sorriso, o que non vin encher a túa cara o día que acabei coa vida do teu amigo.

Sofía Fernández Abeijón
4º ESO
IES As Insuas
Serres - Muros

ACABAMOS SENDO ANIMAIS

Son moitos animais á vez, na procura de conseguir o meu obxectivo. Arrástrome polo chan coma unha serpe, só falo ás veces como os mouchos, vivo nunha cova como os morcegos, quitáronme o máis prezado como cando aos elefantes lles quitan os cabeiros... Téñoo todo, só me falta ser bolboreta para poder voar.

Ángela Mayo Senande
4º ESO
IES As Insuas
Serres - Muros

AFORISMOS

Temos moitas chamadas perdidas da Terra e non facemos máis que colgarlle.

Moitas veces dinnos "pensa o que dis" pero, se realmente o fas, estarías dicindo o que pensas?

Evitar unha rúa, unha corredoira, ou calquera outro lugar nunha noite non é porque non nos guste, o que non nos gusta e evitamos é a xente.

Sabela López Pena
4º ESO
IES As Insuas
Serres - Muros

COPLAS ROMANCEADAS

Copla vén ser unha composición poética popular normalmente de catro versos que nalgunhas ocasións adoitaba ser cantada. Ao que subscribe esta achega á revista pareceulle interesante como mostra do que un autor quere dicir sen que pareza mal; ou sexa, unha graza intencionada no falar dun acontecemento. Quen me facilitou o traballo foi Juan Manuel Buján, propietario da "TABERNA DO PESCO". O autor foi Xosé "O TECELÁN", tamén alcumado como "O CHEPAS" pola súa anatomía corporal, da familia dos "CHÍOS" de Tarás que a titulou como "HISTORIA DE TARÁS". Permitinme a licenza de adaptala o mellor posible ao galego normativo, mais sempre respectando o esencial da copla e na medida do posible a redacción do autor. Eis, pois:

Atención vos pido a todos,
algo vos quero dicir.
Vouvos contar un conto
que con el habés rir.

O conto que vou contar
trátase dun animal,
dispensádeme a palabra
se vedes que falo mal.

Non pensés que o conto é vello,
se o viras moito rías.
Isto pasou en Tarás
inda non hai moitos días.

Un martes pola mañá,
un día dous de xaneiro,
apareceu unha pucha
onde lle chaman Quinteiro.

Foron a correr tras dela
uns veciños moi lixeiros
e non a puideron coller
ata a agra dos Barreiros.

O Requinto foi por diante
e o Chío polo lado.
Xoán do Maio máis Xixón,
dispensando, polo rabo.

E Dominguiña de Mañas
con obxecto de prendela
arrincoulle dúas coles
das de Carme da Petela.

Así que a tiñan presa
vendo que non lle fuxía
dicían nos seus adentros
hoxe gañámo-lo día.

Vindo por alí enriba,
por xunto daqueles codesos,
determinaron entre todos
de cobraren vinte pesos.

Esta determinación
saíulle algo furada
porque o dono da becerra
era un pouco tacaña.

Ó chegaren ó lugar,
como a casa está enfrente,
entregáronlla a Lucrecia
por se-la máis competente.

Ó pasar como tres horas
véu o chalán para a buscar,
pero sen dar vinte pesos
non lla quixeron entregar.

El pensou que era broma,
mais ó ver que non era risa
a friaxe de todo o corpo
recaláballe a camisa.

Mandárono xunto o Requinto
que era o que estaba no lugar,
porque os outros xa marcharan
todos para traballar.

O Requinto ó ver o home
ceiboulle unha risada.
Home, por min que cha dean
que eu non che quero nada!

O home ó verse nisto
veulle alá ó seu sentido
que Xosé, o "Tecelán"
inda era algo primo.

Preguntou onde vivía.
Foi xunta el ó tear
e pediulle de favor
que o fose acompañar.

Xosé colleu o bastón.
Saíu e foi á Carreira
e ó saír do portal
díxolle desta maneira:

Os que che teñen a becerra
algún deles é moi listo
e dándolle un peso ou dous
sempre quedas máis ben visto.

Ó ir por alí adiante
estaban todos a falar,
dicindo que os vinte pesos
que ben os podía pagar.

Ó chegar alí Xosé
crendo de facer feira
con palabras razonables
díxolle desta maneira:

Dádelle a becerra ó meu primo
e deixádevos de tretas,
que non hai dereito ningún
de cobrarlle cen pesetas.

Entón dixo a Castela
denantes de falar ninguén:
Mira Xosé o que dis
que así non falas ben.

Dállle a becerra Lucrecia
e deixemos de falar,
que o home tena vendida
e quérea entregar.

Non lle dou a becerra
porque se trata de moitos
e ti queres que lla dea!
Respondes ti polos outros?

Se ti respondes por Xoán
entón pódeslla dar.
Por Xixón e mais o Chío
eu tamén podo quedar.

Como todos coñecemos
as mulleres o que son
despois de oír todo isto
volveu dicir que non.

E Xosé incomodouse
por ela cambia-la cara.
Búscano para defensa
e alí non valeu nada.

E ó chegar ó Quinteiro,
segundo me dixeron a min,
mandou ir ó home á Serra
buscar a Garda Civil.

Pero el non quixo ir.
Volveu regatear.
Sabía que indo á Serra
algo tiña que gastar.

Mandaron un parte ó monte
xunta o Chío e mais Xixón
por ver que determinaban:
Se lla darían ou non.

Ó chegar o parte ó monte
estaban cortando un pino.
Entón logo que deixe
cinco pesos para viño.

Ó vir a razón de volta
xa a xente estaba cansa.
Entregoulle os cinco pesos,
pero de moi mala gana.

Marchou coa súa becerra
e sempre a pregoar,
dicindo que os ribeiráns
llas habían pagar.

SEGUNDA PARTE

Aquí vou falar eu
e vós diredes que non:
O home incomodouse
e tiña moita razón.

Por coller unha becerra
non se debe cobrar nada.
Así é que os de Tarás
conservás tan mala fama.

Esta xa é a segunda,
da primeira xa non falo.
Se chegades á terceira
vouno poñer na radio.

Se ides seguindo así
e non curás ese mal
ese lugar de Tarás
volverase o de Gorgal.

Habés de ser razonables.
Non facer desa maneira,
que ata vos criticaron
os veciños da Barreira.

Eu se fixen esta historia
non foi por vos denigrar.
É porque sirva de exemplo
para tódolos dese lugar.

Os cinco pesos que deu
repartíronos entre seis.
Foi un día sinalado:
a antevéspora de Reis.

Repartíronos moi ben.
O périto é de Tarás.
Eles cobraron a peso
e elas a dous reás.

Á Miroa do Petelo
e mais Dominga de Mañas
déronlle un peso ás dúas
por tomar as orballadas.

O Requinto ó darlle o peso
tamén fixo coma os outros:
Damo logo para acá
que hoxe cadra haber poucos.

Se dudás que foi verdade
todo canto está aquí
preguntádelle a algún deles
e veredes o que vos din.

Darei fin á miña historia,
ou máis ben dito á vosa.
Non quero que me digás
que a fixen moi latosa.

O que subscribe pescudou información sobre "O TECELÁN" ou "O CHEPAS" e descubriu que era da familia da Chía, emparentado con Domingos, Benedita e "O RAPOSO", todos eles da parroquia de Tarás.

Mingucho Campos

Aínda o nome da Galiza

O debate sobre o nome da Galiza fai parte doutro máis importante que ten que ver co futuro do propio país. Ese parece se-lo verdadeiro dilema, ante o cal as cuestións filolóxicas son *peccata minuta*.

Ninguén discute que *Galiza* sexa a forma orixinal galego-portuguesa e a máis usada nos documentos medievais redactados na lingua propia. Afonso X usa sempre *Galizia* escribindo en castelán e sempre *Galiza* en galego-portugués. O que será preciso discutir é a suposición de que o galego-portugués fora unha situación *normal* na Galiza da Idade Media. Depende do que se considera *normal*: sabemos que a nosa lingua ficou subordinada ó castelán moi cedo. Os castelanismos aparecen nos documentos en cantidade crecente no final do período: *pessoal pesoa* é substituído por *persona*, *testemuña* por *testigo* etc.

Claro que o nome da *Galiza*, con uso institucional intenso, sofrerá a presión castelanizante dende o primeiro momento. Aínda que antano fose *autóctona* nunha área oriental galega unha variante *Galizia*, o cal é inverosímil, a súa expansión até extingui-la forma orixinal *Galiza* só pode deberse ó castelán.

Hai castelanismos obxectivos e subxectivos. O uso actual revela que canto máis instruído sexa o falante, maior é a preocupación por distinguir códigos: o espontáneo di *carretera* (=*estrada*) sen detecta-la falta dun ditongo *ei* que revela, para o instruído, a presenza do castelanismo. Do mesmo modo aparece *gasolinera* na oralidade, mais é *gasolineira* a forma preferida polo falante culto.

A percepción do locutor sobre o que é lingua propia e o que é castelán está condicionada polo uso, mais non é fiábel, como é obvio. Para o locutor *inxenuo*, *PAI* é lingua propia, *PADRE* castelán; *TOLO*, lingua propia, *LOUCO*, forma inventada (!!) –a partir do castelán- por alguén que non sabía galego. Na consciencia do usuario espontáneo, *LINDO* é palabra castelá, mais non son *SILLA* [*cadeira*], *MALO*[1] [*mao*/*mau*] ou *CARRETERA* [*estrada*].

A percepción varía por áreas xeográficas, pois o que nalgunhas é *QUEIXO* ou *MARTELO*, noutras é xa *queso*, *martillo*, formas usadas como propias.

Buenos días, *bueno*, *ojalá*, son fórmulas que o falante espontáneo di naturalmente sen mudar de código, mais un locutor instruído substitúeas por *Bos días*, "*bueno*" (aquí non!), *oxalá*, na lingua propia. A indiferenza do locutor inxenuo perante os problemas da interferencia de códigos é absoluta: non lle importa se *Bueno!* se debe ou non debe dicir; só sabe que se di. Non se preocupa de se é ou non é castelán, mais é *galego*, porque se di. Isto sucede no momento presente: é verosímil que ocorrese de forma moito máis radical na Idade Media.

O falante inxenuo pode até pensar que *chourizo* é hiperenxebrismo porque na súa terra o que se di é *chorizo*. Sabemos que *aier* non é correcto, mais moitos nenos aprenden xa *aier* como forma "galega". Sempre será un castelanismo obxectivo, mesmo se subxectivamente non é. *Vostede*[2] ou *vosté*, ou o indefinido *calquera*[3] son, na percepción espontánea, formas propias, mais son castelanismos calcados de *Vuestra merced* e *cualquiera*, como demostra o profesor José Luís Rodríguez.

Ocorre que a fronteira entre o que é galego e o que é castelán ten que ser estabelecida con criterios obxectivos, non por *sublimación* da *percepción de fronteira* que ten o falante inxenuo. As linguas reciben préstamos, mais son elementos superficiais. Cando o préstamo afecta o nome propio do país e da propia lingua, ataca o espazo simbólico. Entón o que está en xogo xa é a propia condición de lingua.

A subordinación ó castelán, aínda que sexa antiga, non pode ser *normal*, e os castelanismos non por ancestrais deixan de selo. Poden evitarse todos? Talvez non, mais parece que o nome do país debe fixarse, irrenunciabelmente, na forma propia xenuína e sen sospeita: ***GALIZA***.

Ninguén lle recoñece ó castelán dereito de *paternidade* sobre a lingua propia. Os castelanismos só poden ser periféricos. Se invaden a *estrutura*, o *núcleo duro*, nace un *crioulo*, o que, en moitos casos, é o principio da fin.

Júlio Diéguez
(profesor da Facultade de Filoloxía
da Universidade de Santiago de Compostela)

(Publicado n'*A Nosa Terra*, número 993, 28 de xuño de 2001. Versión para a *Terra de Outes* de Xosé Carlos Gz Añón)

Notas da *Terra de Outes*:

*1.*A presenza do ele (*l*) intervocálico en *malo* (palabra patrimonial) denota que é un castelanismo. Sería, dalgún xeito, equivalente a **palo*, palabra esta non admitida, obviamente. Porén, a norma oficial, moi permisiva en xeral nestas cuestións, si admite *malo/mala* xunto con *mao/má*. (V. o dicionario da RAG en *www.academia.gal/dicionario*.)

2. A forma *vostede* é, pola contra, a elixida pola norma oficial. A autenticamente galega debería ser (segundo a tese, seguramente máis xustificada, en que se inclúe o autor) *vocé* (derivada de *vosa mercé*).

3. Como sabemos, esta forma, *calquera*, si é a aceptada no estándar oficial.

Ricardo Carvalho [Carballo] Calero, maldito dos anos trinta

Ramón Blanco

O mesmo día no que encetamos estas liñas fai xusto trinta anos que regresou á terra (foi en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 1990; viñera ao mundo en Ferrol en 1910) Carvalho Calero (respectaremos no apelido a súa última vontade ortográfica, e non só ortográfica). Pagou en morte a súa fidelidade ao reintegracionismo (desde finais dos setenta), caeu sobre el a maldición dos trinta anos: "só" fan falta dez anos para que poida entrar no panteón da RAG de morto un destacado cultivador ou defensor do galego, aínda que non entrase de vivo na academia. Extraemos da súa web: "O Pleno da institución acordou na sesión ordinaria celebrada hoxe [22/06/19] homenaxealo o 17 de maio do ano que vén, cadrando cos 110 anos do seu nacemento e os 30 anos do seu pasamento". O número cero marcoulle os anos da súa vida, incluso máis alá da morte.

Unha imaxe insólita do autor, con amplo sorriso. Fonte: Club de Prensa de Ferrol

Dábase o caso de que Carvalho xa era membro de número desde 1958 (precisamente o 17 de maio, cando aínda non se celebraba o Día das Letras Galegas, ingresou co discurso: "Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía"), mais nin iso o librou de estar maldito. Non hai moito, cando aínda non se albiscaba esta merecida homenaxe, Isaac Alonso Estraviz, outro heterodoxo lingüístico, nunha entrevista para *Adiante.gal*, preguntado por esta débeda da RAG co autor, dicía o seguinte: "Por enveja. Mas cada ano que passa ele fica sempre por cima de todos e de outros ninguém mais fala passado esse ano. Ora, uns quantos, que não fomos alunos dele, subsanamos essa deficiência ao lhe dedicarmos (Fundação Meendinho) na Alameda de Santiago uma estátua, sem ajuda de nenhuma universidade galega. Os primeiros mil euros foram meus e os outros foram arrecadados por uns quantos amigos. Tenho a listagem em casa. Nunca a ninguém se lhe fez tal dedicação e hoje em dia dedicar-lhe oficialmente um dia das Letras Galegas a Carvalho Calero eu consideraria-o uma ofensa. Ele está por cima de tudo isso". Mais os tempos son chegados. Pensará algún académico de apolínea cabeleira que así como o coronavirus logra entrar na célula, consegue o reintegrata entrar na santa casa arredista (enxebre, dirá el, e non o dicimos por Alonso Montero, deus nos libre). Mais nós, quen isto asinamos, aínda non compartindo as teses lingüísticas do homenaxeado, só podemos congratularnos porque por fin se fixese xustiza: non damos dito outro nome que o tivese máis merecido nos últimos anos.

En primeiro lugar, porque estamos ante un filólogo total, de alto voo, tanto na lingüística como, sobre todo, na crítica e historiografía literaria: *Gramática elemental del gallego común* (1966; por non citar ningún estudo reintegracionista, se non contamos a sétima e derradeira edición deste libro, 1979, cando introduciu varios cambios importantes porque xa cambiara de bando), os dous volumes (1979 e 1982) de *Libros e autores galegos* ou a monumental e sistemática *Historia da literatura galega contemporánea* (1963), respectivamente, son probas disto. Aínda sendo como foron, as susoditas gramática e historia literaria, obras de encargo, puxo nelas todo o empeño e sabedoría, sobre todo no segundo traballo, en moitos aspectos aínda non superado (cremos nós), e do que seguimos a beber quen hoxe nos interesamos pola historiografía das nosas letras. Xa a súa tese doutoral, defendida en Madrid en 1954, marcaba o que sería o seu rumbo académico: *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Como xa quedou probado ao citar o seu discurso de entrada na academia, destacou tamén como estudoso da obra de Rosalía de Castro, recollendo os traballos máis importantes nos *Estudios rosalianos* (1979). E sería innecesario citar os escritos sobre tantos outros autores da nosa literatura, algúns fundamentais, como os dedicados a Castelao ou Pimentel.

En segundo lugar, por activista cultural e destacado galeguista. Nos anos trinta redactou un manifesto sobre a galeguización da universidade. Entre os subscritores estaban os seus amigos Álvaro Cunqueiro e Francisco Fernández del Riego. Nunha foto histórica, mítica, posan os tres en santa trindade: O Filólogo, O Escritor e O Editor. É daquela tamén cando se integra no Seminario de Estudos Galegos. Sendo moi mozo xa colaboraba na revista *Nós*. Daquela tivo en Castelao, Otero e Risco un modelo a seguir, uns "pais espirituais", como el mesmo definiu a xeración Nós. Redactou, canda Ramón Piñeiro, as primeiras normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola RAG (1970-71), cando aínda non había Parlamento porque non había

Fotografía histórica de mocidade de Carbalho Calero, con Cunqueiro e Fernández del Riego

Estatuto. Por certo, a el e a Lois Tobío debémoslle a redacción do fanado Estatuto de Autonomía de 1936. No ano funesto da guerra civil estaba el en Madrid, e así combateu nas milicias republicanas, chegando ao grao de tenente. Detido en 1939, foi condenado en consello de guerra a doce anos de cárcere. En 1941 saíu en liberdade provisional e volveu a Ferrol (se cadra daquela, entre as testemuñas que puidesen testificar a favor del, propuxo a Torrente Ballester, vello amigo, e galeguista antes de asimilarse a Falange). Foi inhabilitado para desempeñar cargos públicos, polo que se refuxiou laboralmente no ensino privado. Foi así como na década dos cincuenta se asentou en Lugo e dirixiu (aínda que non puido facelo oficialmente) o singular Colexio Fingoi, un axente cultural modesto mais notábel na indixencia da posguerra. Ao mesmo tempo, recuperaba o vínculo cos galeguistas (do "exilio interior") e participaba na fundación da editorial Galaxia (e da revista *Grial*, da que foi asiduo colaborador ao longo dos anos e membro do Consello de Redacción), cuxos logros nos campos literario e cultural si son máis evidentes, e detrás de moitos dos cales estivo a súa pluma. En 1965 comezou a impartir aulas na Universidade de Santiago, onde foi o primeiro profesor de Lingua e Literatura Galega, e, xa en 1972, o primeiro catedrático da mesma materia, até a xubilación en 1980. As súas teimas e o seu saber están espallados en centos de artigos e conferencias.

En terceiro lugar, pola produción literaria, que foi tamén a última aspiración na vellez. Retomou esta faceta nos cincuenta, ao tempo que se reinventaba como galeguista depurado, e publicou a primeira novela en galego da posguerra: *A xente da Barreira* (1951, premio Bibliófilos Gallegos), moi superada temática e estilisticamente por unha narración de senectude: *Scórpio* (1987). Igualmente, dedicouse á composición teatral, da que bastará citar o *Teatro completo* (1982). Pero o eido máis destacado, e no que máis seguro se sentía como creador, era o da poesía. Comezou sendo poeta bilingüe e pódese dividir a súa obra lírica en tres etapas cronolóxicas: representan a mocidade *Vieiros* (1931) e *O silenzo axionllado* (1934); *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) e *Salterio de Fingoy* (1961) son logros de madurez; finalmente -despois de recoller todos os mentados poemarios anteriores en *Pretérito imperfeito* (1980)- saíron as compilacións *Futuro condicional* (1982), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) e *Reticências* (1990). Por este derradeiro libro, sobre todo, foi reivindicado por algúns poetas novos a partir dos oitenta.

Quedan á vista os méritos que non quixeran recoñecer até agora na academia. Non é só un problema de oficialidade. Pois antes de ser un maldito, un marxinal, xa recibira a Medalla Castelao (1984) e mesmo ingresou noutra institución académica (iso si, foránea): a Academia das Ciencias de Lisboa, en 1981. Mais, claro, inmensa mácula para un filólogo estar no bando equivocado, aquel que reivindica traballos que nunha cultura normal(izada) nunca serían ocultos e si admirados: *Problemas da Língua Galega* (Lisboa, 1981), *Da fala e da escrita* (1983), *Do galego e da Galiza* (1990). Mais, como dixo Estraviz, el está por riba diso. Pervive na admiración que lle profesan quen foron alumnos seus. E pervive a súa voz, máis alá dos seus traballos, nas xenerosas entrevistas que concedeu, algunha callada en interesantes libros de conversas que amosan a verdadeira cara oculta de Carvalho Calero. Seguro que el, no medio do caos verde, está a rirse de nós.



Historia da literatura galega contemporánea, 2ª ed., 1975

SOÑOS DA MORADA ABERTA

Textos: Eloi Hervella (hervella65@gmail.com).
Gravados: Xosé Poldras (www. xosepoldras.blogspot.com)

SOÑO NÚMERO 3. *A COSTA ARRIBA*

Hai algo que me impulsa a saír á rúa. Saio e atópome camiñando rúa Galeotes arriba, pola parte máis empinada.

A tarde está moi silenciosa, tranquila e comeza a escurecer. Aos poucos a luz vai perdendo a súa forza; esvaécense as formas das cousas: xanelas, portas, portais, paredes. Van desaparecendo tamén os coches e os viandantes.

O meu único propósito é chegar ao final da costa, porque creo que alí me agarda algo, como unha especie de resposta que levo buscando desde sempre. Aínda que tamén teño moitas dúbidas: merecerá a pena aquel esforzo?

As dúbidas medran como a noite.

Escurece completamente, nin sequera queda a luz dos farois. Permanece todo oculto por unha negrura na que xa non se distingue nin sequera son algún. Pero entón escoito fronte a min as pisadas de alguén que se achega. As pisadas soan cada vez máis próximas, e eu sen distinguir nada, expectante, co corazón palpitando. Finalmente alguén, unha sombra invisible, un vento na escuridade, crúzase comigo laiándose, saloucando como o farían un can ou un neno pequeno.

Entón espertei. Sentíame angustiado. Botábame para atrás a idea de saír á rúa.

SOÑO NÚMERO 4. *OS ZANCOS*

O territorio semella un labirinto deserto, un lugar que agocha un segredo que dá medo contar. Filas de casas trazan rúas e mazás, barrios e cidades enteiras que se perden ao lonxe.

Eu vou camiñando por entre elas subido a uns zancos.

Asómome ás portas e xanelas dos diferentes fogares. Ao verme, a xente foxe asustada coma ratos, saíndo das casas e correndo polas rúas, prazas e calellas, levantando os brazos e berrando con desesperación.

Pregúntome por que fan iso, cal é a razón do seu medo. Pero tamén me preocupa que poidan regresar todos xuntos e que tenten botarme abaixo e quitarme os zancos.

Acordei, entre riseiro e triste.

BELADONA

O ratiño díxome que o raposo é malo. O raposo díxome que o gato é malo. O gato dixo que non, que o máis malo de todos era o coello...
—Señorita, por favor, non se despiste na miña clase. Deixe xa de soñar.
—Eh? (Outra vez estes mareos). Perdoe, profesor, non volverá pasar.
Por que sempre é ese o recordo que volve á miña cabeza unha e outra vez?
Por que non me lembro de máis?
Cando soou o timbre dirixinme ao xardín e busquei un lugar afastado onde ler tranquila o meu libro favorito. Sentei preto dun arbusto de flores rosas e brancas.
Un mareo... e outro máis...
Sentín que os meus ollos se pechaban pouco a pouco, e rematei quedando durmida.
Pasou unha hora, dúas, tres... Abrín os ollos e xa non ficaba no xardín. Estaba... nun taboleiro de xadrez?
Xusto diante de min tiña unha porta. Quedei mirándoa un anaco, desconcertada. Que podería atopar se a abrise? Podía ser perigoso... ou levaríame de volta á casa?
—Pero onde estou? –notábame mareada, confusa, abstraída... Todo me daba voltas.
De súpeto, sentín un arrepío, cando as xemas dos meus dedos tocaron o pomo da porta.
—Parece que moitas dúbidas invaden a túa mente, rapaza... –dixo unha voz que me sacou dos meus pensamentos–. Neste mundo nada é o que parece. Pero es moi prudente ao non abrila.
Diante miña atopábase un rapaz alto de pelo negro e desordenado, cunhas marcas na cara e uns enormes ollos dourados que me miraban, mentres que se lle escapaba un sorriso pícaro.
Levaba as mans tapadas cuns guantes con poutas. Sostiña unha gadaña e, ao fixarme máis, vin que tiña orellas e cola de gato.
Pero... que era todo aquilo? Que me estaba pasando?
—Arrímate á porta e dime o que oes.
Fíxenlle caso sen retrucar.
—Oio pisadas que van daquí para alá e tamén susurros... que non atino a entender.
—Mmm... Que curioso! Pode que non debas entrar aí.
Fiquei calada e asustada durante un intre.
—Son unha parca, e non me importa o máis mínimo a túa decisión, xa que o teu destino está escrito.
—Pero...
Ía volver dirixirme ao rapaz-gato pero este xa non estaba.
Atopábame soa e desconcertada. Que debía facer? Tremábanme as pernas e notaba unha presión enriba de min coma se mil ollos me estivesen mirando e xulgando.
Voces na miña cabeza dicíanme que abrise a porta, outras voces dicíanme que fuxise.
Que debía facer? A morte podía atoparse ao outro lado, ou quizais o camiño de volta á casa, ou... que sei eu!
Xa non pensaba con claridade, non podía, quería... desexaba volver á casa. Este

lugar estábame volvendo tola, o corazón latexábame como se me fose saír do peito.
Abrín a porta e... non había nada... Xa non me sentía mal. Non volvería nunca á casa.
Notei que alguén me collía da man procurando tranquilizarme. Era a parca, que volvera por min.

—A rapaza que atoparon morta no xardín, que lle pasou?
—Morreu a causa do veleno dunha flor chamada Beladona.

Raquel Cambeiro Fernández
4º ESO
IES As Insuas, Serres - Muros

Se fose meiga e tivese vasoira marcharía
pero son muller e teño medo.
Se fose máis valente diríache adeus,
pero non me deixas falar.

Son muller dende pequena,
pero nunca tan infeliz como agora,
a culpa foi miña por confiar
e túa por mentirme.

Iamos loitar xuntos
pero todo se me puxo en contra,
pois ti armaches o teu batallón
e eu acabei soa.

Aínda así estou namorada e quérote.

Ángela Mayo Senande
4º ESO
IES As Insuas, Serres - Muros

Este é
o instante preciso da nosa máis absoluta senescencia:
se o pobo perde a identidade
perde a pedra (ara)
e así o sangue
burbullando polo río, monte abaixo,
e no mar tinguindo con agre
cor as marismas, os peixes, as mans
que mergullas con ansia e castidade
e despois amosas no sorriso e na fachenda;

só alimento para o colapso humano;
unha margarida abrindo ao día en día
de inverno. Ermo
o chan que pisamos
apropiándonos do verso
que endexamais regresará ao fogar; Caronte remando
antes que a neve cubra a superficie
que habitamos.

Manuel López Rodríguez

O solsticio do fútbol, 50 anos do Brasil 1970

Xosé Carlos Gz Anhón

Selección do Brasil no mundial de México

Hai 50 anos, o fútbol, deporte máximo, chegou ó seu momento máximo. Foi no IX Campionato do Mundo, o primeiro mundial organizado polo México, onde xogou, e gañou, o mellor equipo de tódolos tempos, o Brasil de 1970.

Esta selección verdeamarela trocou un 9 por cinco 10 e uniu así no *jogo bonito* a beleza e a eficacia para gañar non só a Copa do Mundo, senón tódolos partidos do mundial e tamén tódolos da fase previa, 12 en total. Nunca antes se vira nada igual, nin despois se volveu ver. Din que o fútbol fora inventado para que alguén o xogase así.

A propósito, no partido que pechaba a fase previa, xogado en agosto de 1969, rexistrouse a maior asistencia de público no Maracaná, máis de 180 mil persoas para ve-lo último partido de Pelé no Brasil coa *seleção* en competición oficial. Porque, aínda que sempre se di que no dramático partido definitivo do campionato de 1950 entre o Brasil e o Uruguai acudiran 200 mil, e seguramente fose certo, o dato rexistrado oficialmente daquela foi de 173 mil persoas con entrada. De tódolos xeitos, o récord mundial histórico vén de 1923 en Londres, cando, contan as crónicas, unhas 250 mil persoas, e un cabalo branco, conseguiran entrar e amorearse caoticamente na inauguración do Wembley, e outras tantas ficaron fóra. Volvendo ó partido de 1969, o Brasil gañou ó Paraguai por 1-0, gol de Pelé, e poñía así rumbo definitivo cara ó México, cos 6 partidos xogados nesa fase previa gañados, 23 goles a favor e 2 en contra.

Antes e despois deste Brasil mexicano houbo outros equipos de lenda: o Uruguai dos anos 20, a Hungría dos 50, o Real Madrid de Di Stéfano nos 50 tamén, o propio Brasil gañador de 1958 e perdedor de 1982, o Ajax e a Holanda de Cruyff nos 70, o Milan dos 90, o Barcelona e a España de primeiros do século XXI... mais para compararmos todos estes equipos, tódolos grandes equipos de fútbol, a referencia con que os medimos sempre é o Brasil imborrábel de 1970.

Este mundial do México foi o primeiro que se televisou en cor e é lembrado coma unha festa. Unha festa de luz, cor e calor a ritmo de rancheiras e samba. Nel houbo novidades importantes, entre elas a posibilidade de facer substitucións de xogadores, dúas como máximo, que antes non se permitían agás no caso de o porteiro se lesionar; e os cartóns, que comezaron con éxito pois non se viu vermello ningún, só amarelos nisto tamén. Tamén rodou un novo tipo de balón máis moderno, o dos pentágonos negros, tan moderno que ficou como a imaxe icónica deste deporte.

Na terra de Outes, naquel tempo, acabábase de estrea-lo campo do Bosque e estaban a refunda-lo equipo do Outes, o cal arrancara tamén cunha gran rolda de vitorias e ía competir na liga da ría de Muros, coma o Tambre e, no seguinte ano, o Tins[1]. Ademais, dun xeito máis informal mais igual de entusiasta, os mozos das aldeas e rúas formaban equipos que xogaban partidos de gran rivalidade, como o *clásico* A Cruz - Boel. Todos serían influídos por aquela selección brasileira, e moitos xogadores pretendían imita-lo seu estilo buscando, como gostaban de dicir entón, *marea*-lo adversario con caneos e filigranas. Algúns ata querían ir de amarelo e, se había dorsais, co número 10, para se luciren e de paso amedrenta-lo rival.

O mundial de 1970 arrancou 31 de maio cun encontro sen goles entre o México e a Unión Soviética. O Brasil xogaría 6 partidos no México, os 5 primeiros en Guadalaxara, no estadio, e estado, de Xalisco, e a final no Azteca da capital da república.

O debut dos brasileiros foi 3 de xuño contra a Checoslovaquia, que marcaría primeiro antes de recibir catro goles dos amarelos. Mais o que máis se lembra deste partido é unha xogada que non rematou en gol. Pelé colleu o balón aínda no campo propio e de repente, dende aí mesmo, disparou. Como conta José Luis Garci, ó ver pola televisión desaparece-la pelota pensou que Pelé virara tolo, ata que o seguinte en xurdir foi Viktor, o porteiro checoslovaco, quen corría desesperado cara a atrás e o balón volvía aparecer xunto á súa portaría. Saíu pegado ó poste e, malia que despois moitos xogadores tentaron imitalo, e algúns mesmo conseguirían marcar, aquela de 1970 foi a primeira vez que se vía algo así.

O seguinte rival dos amarelos foi a aínda campioa do mundo, a Inglaterra. O Brasil gañou nun gran partido cun gol do sucesor de Garrincha, Jairzinho, quen marcaría en tódolos encontros. Mais, de novo, o máis lembrado é outra xogada, unha parada monumental, hoxe diriamos *brutal*, do gardameta inglés Banks que obrigou a muda-lo adxectivo a un remate de cabeza *imparábel* de Pelé. É recordada como a parada do século.

A última selección derrotada polo Brasil na primeira fase foi a Romanía, que marcaría dous goles mais recibiría outros dous de Pelé e o consabido de Jairzinho.

O Brasil pasou así co máximo de puntos para os cuartos de final, onde se enfrontou ó Perú, outro equipo moi ofensivo. O resultado foi un partido espectacular entre dous equipos espectaculares no cal gañou o máis espectacular por 4 a 2.

Nos outros partidos dos cuartos, a Italia gañou ó México e botou o equipo da casa para a casa; a Alemaña eliminou na prórroga a Inglaterra, que así se despedía do seu título ata nunca xamais; e o Uruguai deixou fóra, tamén con prórroga, a URSS, que tiña cen veces máis xente mais xa non Yashin na portaría.
Na semifinal, coa arbitraxe do logo coñecido como *o árbitro da moviola*, antepasado pois do VAR, os brasileiros terían que xogar, e loitar, contra os uruguaios, coa lembranza do *maracanazo* de 20 anos antes cando Ghiggia marcara ante 200 mil persoas (ou 173 mil, tanto fai) o gol máis devastador da historia e afundira todo o Brasil nunha xigantesca depresión. Agora parecía que podía pasar algo semellante, pois durante moito tempo foi por diante o Uruguai, mais este Brasil era imbatíbel e rematou gañando por 3 a 1 e, xa que logo, vingando o 1950. Mário Américo, o masaxista no Río de Xaneiro e en Guadalaxara, viviuno dun xeito particular. E outra vez o que máis perdura na imaxinación popular non é ningún gol, senón unha fantasía de Pelé despois dun pase de Tostão coa cal, sen toca-lo balón, fixo que o porteiro Mazurkiewicz ficase tan abraiado que nunca máis chegaría a descubrir onde estaba a pelota e onde Pelé.
A outra semifinal, entre a Italia e a Alemaña, é considerada por moita xente o partido máis emocionante do século XX. Despois dunha prórroga de vertixe na cal Beckenbauer xogou cunha estribeira no brazo, a Italia gañou por 4 a 3 e sería, pois, a rival do Brasil na final. A RFA ficaría no terceiro lugar do campionato e o seu dianteiro Gerd Müller sería o goleador máximo con 10 goles. A columna vertebral dese equipo, Maier - Beckenbauer - Müller, daríalles máis adiante moitos triunfos á Alemaña e ó Bayern de Múnic.

Brasil - Uruguai 1970

Este campionato de estrelas e sol chegaría ó seu solsticio 21 de xuño, domingo como non, co partido decisivo, Brasil - Italia, diante de máis de cen mil persoas no impresionante Azteca cheo, tamén, de rótulos de Cinzano e Martini.
Comezou marcando o Brasil con outro remate de cabeza imparábel de Pelé, mais agora o adxectivo permaneceu pois non estaba Banks de gardameta. O defensa italiano Burgnich lembraría que saltaron xuntos, mais cando el aterrou Pelé aínda ficaba voando. Despois,un pase co calcañar na defensa brasileira sería cortado e aproveitado pola Italia para empata-lo partido: 1-1 no descanso. Mais na segunda parte o Brasil volveu ser unha apisoadora e rematou o festival con tres goles máis.
O último, que pechaba o mundial, é lembrado como a mellor xogada colectiva da historia do fútbol. Despois de fintas de fantasía e pases de precisión por case tódolos xogadores do equipo, Pelé, rodeado de italianos,regalou o balón ó capitán Carlos Alberto para que marcase. Maradona faría a súa famosa xogada contra a Inglaterra, lembrada como a mellor individual, xusto no mesmo lugar, un día despois do solsticio, domingo como non, 16 anos despois.
Cantona chegou a dicir que nunca atopará diferenza entre ese pase de Pelé e a poesía de Rimbaud. Tanto un coma outra conseguen crear luz na escuridade.
4-1 na final, 6 partidos xogados, 6 gañados, 19 goles marcados por 7 recibidos, o Brasil campión do mundo, e o rei coroado co chapeu mexicano, a dous quilómetros de altura, no solsticio tropical.

Pelé lucindo un chapeu de mariache

Tricampión, despois dos títulos de 1958 e 1962, e polo tanto o Brasil ficaba coa copa en propiedade. Para iso tivo que derrotar no México a daquela campioa do mundo, Inglaterra, o campión da América, Uruguai, e a campioa da Europa, Italia.
Hai pois 50 anos destes xogadores incríbeis, destas xogadas incríbeis. Hai medio século do gol do século, da parada do século, do partido do século e, sobre todo, do equipo do século. O mellor equipo da historia no mellor mundial da historia. Estes son os seus nomes[2]. Como diría Galeano, póñanse de pé para os escoitaren: Félix, Carlos Alberto, Brito, Piazza, Everaldo, Clodoaldo, Gérson, Jairzinho, Tostão, Pelé e Rivelino. Brasil 1970.

---

(1) V. DOMANIJUDIANJO: *Crónica da ría de Muros de fútbol 1968-1971*. Concello de Noia, 2019

(2) Adestrador: Zagalo, sucesor de Saldanha. Tamén xogaron nalgúns partidos Fontana, Marco Antônio, Paulo Cézar, Roberto e Edu.

LECTURAS RECOMENDAADAS



SHANGAI A BARCELONA
Amador Castro Moure
Editorial Xerais
Premio Xerais de Novela 2019

Con esta novela do chantadino, afincado en Barcelona, Amador Castro facemos a travesía por ferrocarril Monforte-Barcelona-Monforte. Nese tren percorremos a vida de Orlando, protagonista central dunha historia amarga e incisiva, onde os secundarios son parte dos graves sucesos que aconteceron na xuventude del e que forman parte da intriga da novela.

Deste xeito Shangai a Barcelona convértese nunha novela psicolóxica. Monforte fronte a Barcelona como futuro para contarnos a emigración galega, Barcelona fronte a Monforte como a volta ao paraíso que non é tal, o mundo urbano fronte ao rural galego que vai quedando baleiro, o temor a perder o arraigamento da aldea onde tivo unha infancia feliz... son referencias do autor para construír un protagonista de personalidade complexa.

A idea do rural galego que amosa Amador Castro non ten que ver cunha reivindicación do mundo aldeán, nin cunha idea idílica da vida apegada á natureza e ás tradicións en termos románticos; o autor describe un rural que mudou dende a súa infancia e tamén aos seus habitantes, que mostran a cara máis malvada do ser humano. O aspecto psicolóxico e esa descrición de aldea de ambiente nada bucólico, converten esta historia nun relato orixinal e impactante.

A lectura desta novela leva á reflexión. Esa dualidade agora mesmo tan de moda como o "baleirado" de lugares e aldeas, a transformación da vida no medio rural, están presentes na obra e fainos pensar en como os cambios socias afectan, e de que maneira, aos habitantes destas poboacións, ás súas experiencias vitais. O desarraigamento, a emigración, o pasado e o futuro, entre outros pensamentos filosóficos, chegan a nós coa lectura deste libro.

Shangai a Barcelona conta unha viaxe de sitios e tempos, onde o protagonista está somerxido nun ambiente encerrado e agobiante, pero o autor usa unha linguaxe directa non exenta de diálogos incisivos, mesmo cargados de humor e retranca, para "relaxar" todo ese desacougo que tan ben se transmite na novela. Para o remate de cada capítulo, o escritor utiliza haikus, aportando así o estilo poético ao traballo.

Esta obra, premio Xerais de Novela 2019, conta con varias voces para narrar a historia de Orlando. Unha historia de carga filosófica e psicolóxica, moi orixinal e moi necesaria para a reflexión.

Lidia Vicent



EROSKI PARAÍSO
Chévere
Kalandraka, 2019

Durante a corentena imposta pola pandemia do coronavirus a TVG estreou o recente filme *Eroski Paraíso*, guionizado a partir da obra dramática homónima (estreada en marzo de 2016) do grupo Chévere, exitoso referente no teatro independente dos últimos trinta anos. Ademais de contar co mesmo reparto, Xesús Ron (Xron) codirixe a película, xunto co non menos veterano cineasta Jorge Coira. Trátase, pois, de dous proxectos irmáns, mais que deveñen en diferentes públicos ou auditorios; é ben sabido que as canles teatrais non teñen a mesma acollida (por máis que esta peza xa superase as cen representacións) ca as do pacto fílmico (mais cremos, tamén, que no plano audiovisual os logros son máis atenuados). No entanto, os dous formatos foron recoñecidos con diversos premios na gala María Casares dos anos 2017 e 2020. Debe entenderse que no caso da película non é exactamente teatro filmado, estamos ante unha obra derivada. Ora ben, dada a natureza orixinal de *Eroski Paraíso*, formulada como se fose un documental (que rodaría a filla dos protagonistas), con reutilización da linguaxe cinematográfica, é aínda máis entendíbel a débeda que a fita ten co espectáculo nas táboas. De por parte, o feito de que quen actúe sexa o elenco dunha compañía teatral crea unha dobre dirección de transvasamento do cinematográfico cara ao dramatúrxico, o cal tamén tería os seus riscos no pacto da verosemellanza (non roto grazas, cando menos, ao bo facer de Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo).

O caso é que a editorial Kalandraka quixo celebrar a efeméride das tres décadas de Chévere publicando as súas obras máis emblemáticas, e este último éxito da compañía xa vai camiño de ser un clásico, como lle acontecera ao mítico espectáculo *Río Bravo*. Sae así, en coidada edición, *Eroski Paraíso* na busca de lectores (como sae na busca de telespectadores, ampliando horizontes) e demostra que a calidade literaria non está enfrontada co pragmatismo da carpintaría teatral. Un texto exquisito bordado a catro (ou oito) mans: Manuel Cortés, Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo e Xron; xa sabe o público espectador que os actores de Chévere son polivalentes.

Como explican os autores, estamos ante unha comedia documental que explora a memoria colectiva dunha pequena comunidade. O punto de partida, real, xa é de común coñecemento, e de aí deriva o suxerente xogo de palabras do título: a cadea vasca de supermercados abriu unha franquía no edificio onde estivera, desde 1972 até 1990, a sala de festas O Paraíso (Serres - Muros). Signo dos tempos, como aconteceu en tantas vilas, e con espazos, persoas e anécdotas recoñecibles, lendo (e vendo) como fomos cambiando, a memoria sentimental da nosa contorna tamén vibra nestas páxinas.

Ramón Blanco

Añón, secretario dun lord inglés (III)

Ramón Blanco

Volveu Boris Johnson, o do cabelo dourado, facer gala da súa ousadía política cando, en vésperas do decreto do estado de alarma en España por mor da pandemia do novo coronavirus, anunciou a profecía que fixo brillar o eco da eternidade nos tabloides do seu país afastado: moitas familias máis van perder os seus seres queridos ("*Many more families are going to lose loved ones*"). Aínda que despois tería que recuar, deixaba así expresa a súa intención de priorizar a economía fronte a saúde. El sabe do que fala. Agora (cando concluímos este artigo) a crueldade das súas declaracións queda atenuada pola persistente realidade: España pasa das 18.000 vítimas mortais da pandemia (máis de 300 na Galiza). Polo menos el dixo a verdade. Non é menos cruel a mentira inducida e paliativa coa que as nosas autoridades sanitarias nos quixeron protexer cando comezou o goteo de infectados.

A emerxencia sanitaria volveu poñer en circulación pública a memoria doutros contaxios de antano. No século XIX Galiza padeceu, como tantas outras partes do mundo (algunhas aínda non inmunes), andazos de cólera morbo asiático. De feito, o primeiro caso na Península Ibérica puido ter lugar en Vigo, en 1833. Ademais de estenderse por outras zonas, chegando a Muros e Carnota, entre outras consecuencias, motivou a construción do lazareto permanente na Illa de San Simón. Sonada foi a mortandade da epidemia do trienio 1853-1855, que mesmo impediu en 1854 (única vez na historia, segundo o doutor Xosé Ignacio Carro Otero) a ofrenda ao Apóstolo. Volvera entrar a enfermidade polo porto vigués e, cal fixo o noso heroe albiónico, a Xunta da Sanidade de Vigo e Redondela negou a súa existencia, para facer prevalecer os intereses económicos antes ca os sanitarios. En 1854 destacou o papel desenvolvido polo doutor José Varela de Montes, quen atendera o parto da mesmísima Rosalía de Castro no Hospital Real de Santiago. A insigne poeta sobreviviu en 1853 ao contaxio da tifo (esta é a enfermidade "oficial", mais nós non descartariamos, vista a data, que fose, en realidade, cólera), da que morreu a súa amiga Eduarda Pondal (si, irmá do vate), estando as dúas en Muxía.

Naquel 1854 destacou o protagonismo doutro compostelán, nacido co século: Juan Montero Telinge, alcalde da cidade, cuxa atención aos afectados polo andazo estivo a piques de custarlle a vida. Significado liberal (lémbrese que o liberalismo decimonónico, anhelante dun xusto equilibrio e contrario á "tiranía das masas", pouco ten que ver co actual; de por parte, tamén eran liberais os antifranceses da Junta Central de Cádiz e das Cortes que acolleron a Constitución de 1812) e republicano, participara no levantamento progresista dese mesmo ano, e na súa mocidade tamén se vira obrigado a

Antonio Romero Ortiz, retratado por Joaquín Gutiérrez de la Vega, talvez en 1874, cando era ministro de Ultramar na I República. (Museo del Prado)

exiliarse do absolutismo. Atribúeselle a el a reorganización da masonaría en Galiza antes de 1868 (de feito xa se iniciara moi novo, na época do Trienio Liberal -ou Constitucional-). Foi membro das loxas Herculina e Brigantina. Segundo o historiador Barreiro Fernández, Montero Telinge e outros republicanos encarcerados no castelo de San Antón, organizaron o levantamento do 68 na Coruña (en Santiago Murguía era secretario da Xunta Revolucionaria; por iso Añón lle manda a el o himno dedicado á revolta). Cando en 1869 Montero foi elixido para o Congreso dos Deputados era grao 33 (isto é, segundo o "rito escocés antigo e aceptado" -con orixe en Francia no s. XVIII- ten o maior grao de xerarquía, polo tanto de coñecemento, o de Soberano Gran Inspector Xeral da Orde. No anterior artigo citabamos a Benito Pérez Galdós, e temos que volver citalo (neste seu cen cabodano) porque o fixo personaxe (dándolle fama á súa "larguísima barba blanca") de dúas novelas dos Episodios Nacionales: *España sin rey* e *La España trágica*. E, falando da Coruña, lembrábanos Pilar Sampedro (nesta mesma revista, ao ocuparse de Concepción Arenal) a misión asistencial nas epidemias de peste e cólera de 1853 e 1854 na cidade da condesa Juana de Vega (viúva do xeneral liberal Espoz y Mina, outro exiliado a Inglaterra fuxindo do terror fernandino, que xa era masón en 1821 -Galdós cítao personificado en *El Gran Oriente*-; xa nos ocupamos deste matrimonio no segundo artigo).

Se 1868 é un ano clave no século XIX en España, tamén o será 1869 no que se refire á masonaría española. A expulsión dos Borbóns será seguida por un período de liberdade de expresión e de reunión, amparado na Constitución daquel último ano. Neste contexto, o Grande Oriente Lusitano, loxa fundada en 1802 (a máis antiga obediencia masónica portuguesa, transformada en Grande Lusitano Unido en 1869), foi unha das que máis influíu na difusión da masonaría en España. De feito, apenas hai documentación sobre os masóns hispanos antes de 1869 (ora ben, o secretismo co que se asocia o tema igual é cuestión moderna, pois xa no último terzo do XIX circularon publicamente os clásicos traballos de Francisco del Pino, un dos líderes do Grande Oriente de España que fixo pedagoxía da causa). Ademais hai notábeis paralelismos; por exemplo: os masóns portugueses tiveron un papel destacado na revolución liberal de 1820 no seu país, así como na abolición da pena de morte en 1867 (data ben próxima ás que vimos de referir, 1868-1869), padeceron igualmente a persecución das forzas máis reaccionarias. Baste lembrar a sinistra eficiencia da policía política, xa a finais do XVIII, na época do poeta Bocage (cuxa influencia cremos ver en Añón), acosado por Pina Manique, intendente xeral do corpo, que cheiraba ás leguas a un afrancesado. En Portugal e en España os foros políticos e as tertulias dos cafés (como o Nicola en Lisboa, ou o de Levante en Madrid; frecuentou Añón o Imperial, fundado en 1864, que moitos anos despois sería o Café de la Montaña, onde Valle-Inclán foi ferido no brazo) achandarán o camiño da reunión masónica, frecuentada por homes de libre pensamento.

A etapa comprendida ente 1868 e 1874 coñécese historicamente en España co nome de "sexenio democrático", consolídase así o réxime liberal. Tal como inicia Emilia Pardo Bazán o capítulo IX da novela *La Tribuna* (1883): "Ocurrió poco después en España un suceso que entretuvo a la nación siete años cabales, y aún la está entreteniendo de rechazo y en sus consecuencias, a saber: que en vez de los pronunciamientos chicos acostumbrados, se realizó otro muy grande, llamado Revolución de Setiembre de 1868". Pasada xa a euforia revolucionaria, o goberno tenderá cara ao Estado monárquico, pero a forza da alternativa republicana será imparable, pois é entón cando se forman os partidos republicanos na península. No caso galego, o emblema é o Partido Republicano Federal, constituído en Ferrol. En xuño de 1869 asinouse na Coruña o Pacto Galaico-Asturiano, que remata cun "¡¡viva la república federal!!"; hai varios masóns entre os asinantes, como Segundo Moreno Barcia. A raíz deste pacto, por exemplo, xurdiu a sociedade republicana federal "La Fraternidad republicana galáico-asturiana", da que Añón formou parte, o que evidencia as súas inclinacións políticas.

Tamén eran masóns importantísimos republicanos moderados, como Francesc Pi i Margall, Estanislao Figueras ou Emilio Castelar. Precisamente baixo a presidencia de Pi i Margall, terá

lugar a proclamación da República federal en 1873; en once meses coñeceu catro presidentes que foron dándolle xiros e matices acordes cos seus respectivos programas, até chegar ao conservadurismo do último, Emilio Castelar (o prologuista de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro). Como nos suxeriu Gonzalo Navaza, en "Las ranas pidiendo rey" o noso poeta, ao adaptar a fábula de La Fontaine, reflicte, aínda que non sexa a intención principal, como o desencanto da I República calou fondo nos intelectuais da época, tamén nos galeguistas.

Nestes anos tamén fora Añón recomendado polo todopoderoso cacique e animal político Montero Ríos (disque nos xardíns do seu pazo de Lourizán a simboloxía masónica é patente) para traballar no seu Ministerio de Gracia y Justicia. Ao benefactor dedicoulle versos de gratitude, como tamén fixo con Florencio Rodríguez Vaamonde, ministro de Gobernación, e Manuel Ruiz Zorrilla, cando este era presidente do Consello de Ministros –presidente do goberno–. Pois ben, o Grande Oriente de España proclamará o 21 de xullo de 1870 como Gran Comendador e Gran Maestre a Ruiz Zorrilla, e será ao mesmo tempo presidente de España! Entre 1868 e a Restauración borbónica foron presidentes do Consello de Ministros catro masóns: Prim, Malcampo, Ruiz Zorrilla e Sagasta! Desde logo, no goberno provisional de 1869 a masonaría estaba ben representada (véxase a fotografía).

O feito é que tras morrer Fernando VII, como xa viramos, a masonaría seguía a estar prohibida. Mais isto non impediu que os masóns se organizasen. Antes de ser destronada Isabel II, xa tivera lugar a sublevación en Cádiz de diversos xenerais masóns: Pierrad, Moriones e Contreras, dirixidos polos tamén masóns Malcampo, Sagasta, Dulce, Prim, Ruiz Zorrilla e Méndez Núñez (si, o da estatua na alameda de Santiago); porque a masonaría tamén imperaba entre os oficiais da frota (precisamente José Malcampo e Casto Méndez Núñez fundaran a primeira loxa masónica das Filipinas, estando aló destinados). Así pois, en 1869 sobrevivía un Gran Oriente Nacional de España, co que conviviu o dito Grande Oriente de España (de tendencia máis liberal). Sucedeu a Ruiz Zorrilla na Gran Maestría outro famoso político: Práxedes Mateo Sagasta (1876-1880). Tras a súa renuncia, o número de loxas (máis de 370) dependentes do Grande Oriente de España aínda se incrementaría máis ao ser elixido Gran Comendador e Gran Maestre Antonio Romero Ortiz (ocupou os cargos até a morte, de 1881 a 1884), gobernador do Banco de España, ex-ministro de Ultramar, e que xa o fora de Gracia y Justicia. Deste compostelán, que mesmo foi deputado por Noia en varias ocasións, tamén xa falamos no artigo anterior, ao referir a súa actividade de mozo provincialista canda Faraldo e Rúa Figueroa na redacción da revista *El Porvenir*, onde tamén publicou Añón. Romero Ortiz, a quen xa coñeceu o noso boelo sendo estudante en Santiago, foi un dos máis destacados masóns do XIX, "Soberano Gran Comendador do Supremo Consello" en 1882. Foi un dos que embarcara en Vigo no bergantín Nervión (precisamente neste buque iniciara a súa andaina como mariño Casto Méndez Núñez;

Goberno Provisional, 1869. Desde a esquerda: Figuerola, Ruiz Zorrilla, Sagasta, Prim, Serrano, Topete, López de Ayala, Lorenzana e Romero Ortiz. (foto: Jean Laurent)

mais o 5 de febreiro de 1846 transbordouse ao vapor Isabel II), o 26 de abril de 1846, fuxindo da represión do plenipotenciario Narváez (responsable do masacre dos Mártires de Carral e, por certo, tamén masón, co nome simbólico de "Bruto"). Os exiliados chegaron a Portugal, a cuxo goberno foi solicitada a detención dos fuxidos. O exilio non implica necesariamente a fin das ameazas, como viamos no primeiro artigo desta serie, dedicado a Manuel Pardo de Andrade, quen fuxira a Inglaterra, outro dos destinos preferentes dos transterrados galegos. Foi Londres lugar de exilio temporal tamén para Manuel Curros Enríquez, outro célebre galego hiramita (Hiram Abiff é mencionado no ritual masónico, como mestre da construción do templo do rei Salomón), como viñemos saber polo libro de Alberto Valín Fernández *Galicia y la masonería en el siglo XIX* (Ed. do Castro, Sada, 1990), imprescindíbel para coñecer o tema. A figura de Curros, quen en 1881 figura na loxa Auria, de Ourense, inspirou o movemento: en 1989 fundouse Renacimiento 15 Curros Enríquez, o primeiro centro masónico en Galiza tras a persecución franquista. O breve exilio de Curros explicouse por ser autor dun artigo antimonárquico aparecido en 1870 en *El Combat*e, órgano dos republicanos radicais madrileños; mais Barreiro Fernández pregúntase se o verdadeiro motivo non sería que fose amigo do asasino de Prim.

Non esquezamos que en setembro de 1875, varios intelectuais galegos emigrados en Madrid



Juan Montero Telinge, fotografía de José Suárez sobre orla litográfica de Sánchez, deputado en 1869. (Biblioteca Nacional de España)

crean o parladoiro *"Galicia Literaria",* no domicilio dos escritores galegos Emilia Calé de Quintero e seu primo Teodosio Vesteiro Torres. Francisco Añón era o presidente da tertulia. Celebrábase baixo o espírito do lema "Liberdade, igualdade e fraternidade". A que lles soa? Entre os membros desta sociedade estaba o mozo Manuel Curros Enríquez. Non é casual que Curros elixise ao seu gran amigo e admirado Añón, pleno de criticismo e retranca, cal *maestre* que o guiase ante os mesmos fociños do Papa León XIII, a quen ataca n´*O divino sainete.*

A connivencia entre masonaría e liberalismo era de común coñecemento, mais as autoridades civís e relixiosas preferiron crer en mitoloxías populares e reprimir o que non comprendían. Relacionado coa masonaría está o progresismo de Francisco Añón, que entronca co filantropismo francés, do cal un dos temas principias é a revisión da historia, feita polos derrotados, polos que a padecen; esta filosofía é a que podemos atopar como trasfondo do texto "Ante a Torre d´Hércules", que non a fixeron nin fenicios nin romanos, senón canteiros (en francés o *maçon*, e en inglés o *mason*, é o albanel, "o que anda coa masa"). E, por todo o dito, aquí emerxe a sospeita de que o noso biografado fose masón, tal como xa apuntou Gonzalo Navaza. Quen sabe se en febreiro de 1869, cando pasou polo menos nove días na Coruña, non visitou algún "irmán" hiramita na cidade (nas futuras Irmandades da Fala está ben documentada a rexa xenealoxía masónica coruñesa -e parécenos recoñecer reminiscencias no logotipo da RAG-; aínda hoxe, que saibamos, existen dúas loxas: Galicia 77 e Renacimiento A Coruña). Porén, teñamos en conta que de alí viñera seu avó paterno, Miguel Añón Figueroa, polo que igual andaba a arranxar cuestións de herdanza.

Cando morre o poeta, o seu cadáver é acompañado por uns cantos amigos íntimos, galegos de prol: José López de la Vega, Montero Ríos, Mugártegui (deputado provincial de Pontevedra), Manuel Murguía, Joaquín Compañel (irmán do impresor de *Cantares Gallegos,* que neses anos estaba en Cuba), Federico Romaña (en cuxa casa fora acollido nos últimos tempos, xa enfermo), Augusto Mosquera (quen asina a necrolóxica que serviu de prólogo á edición dos poemas que publicou o periódico *La Concordia*)... Como xa quedou visto, nalgúns deles podemos rastrexar vínculos masónicos. Estes paisanos e outros amigos, ou "irmáns", custearon o enterro e abriron unha subscrición para a publicación das súas obras (só realizada no dito folletón de *La Concordia*). E "na cova onde o guindaron" enterraron segredos.

Así, entre masóns e republicanos, volveu Añón á terra (sen poder volver á nosa), un dos poetas máis progresistas da época. Chegoulle a morte no Hospital de la Princesa vello (o actual, noutra ubicación, manteñ o nome, en honor da infanta Isabel de Borbón, filla de Isabel II), de caridade e beneficencia. A situación na que se atopaba non era mellor ca a dos pobres contaxiados que saturan os hospitais madrileños neste días. Só alguén coma el podía escribir nese trance "A miña enfermedá". Só alguén coma Boris Johnson, elevado espírito, podía pensar que a enfermidade non era cousa súa, que era a dor dos demais.